

4/390 APROBAR A EXECUCIÓN E AVALIACIÓN NO EXERCICIO 2024, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025, DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do xefe do Servizo de Contratación e Patrimonio, do 26 de setembro de 2025, conformado pola tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, na parte expositiva do cal se fai constar:

"FUNDAMENTOS DE DEREITO

ÚNICO.- NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO O OBXECTO DOS PLANS ESTRATÉXICOS DE SUBVENCIÓNS

Natureza/ Réxime xurídico

A xustificación da realización do Plan estratéxico de subvencións ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral, na exposición de motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de subvencións, en diante LGS, e de forma específica no mandato establecido no artigo 8 da citada norma, nos artigos 10 e seguintes do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en diante RGS, en Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e na Ordenanza municipal de subvencións publicada no BOP o 18 de maio de 2005.

A Lei 38/2003, Lei xeral de subvencións, introduce, como elemento de xestión e instrumento para a mellora da eficacia nas actuacións das administracións públicas, a necesidade de elaborar, en cada administración, un Plan estratéxico de subvencións, que permita relacionar os obxectivos para alcanzar e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previstos e o seu financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles e todo iso con carácter previo á concesión.

O citado texto legal recolle, no seu artigo 8.1, *"Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria"*

O establecido no parágrafo anterior, foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da LGS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos PES, así como a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse deste.

Segundo o artigo 11 do citado Regulamento xeral da LGS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restriccións que para o cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade presupostaria se determinen para cada exercicio. Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Así mesmo, e en todo caso, por virtude da potestade regulamentaria atribuída ás entidades locais polo art. 4 da Lei 7/1985 RBRL o marco normativo xeral complementase coas seguintes normas ou instrumentos propios:

- A Ordenanza municipal de subvencións do Concello de Lugo aprobada inicialmente polo Pleno da corporación na sesión celebrada o día 7 de marzo de 2005, Acordo núm. 5/20, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 111, do 18 de maio de 2005.
- As normas municipais de execución presupostaria que resulten aprobadas para cada exercicio xunto á tramitación dos orzamentos.

De conformidade co anterior adoptouse por Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 9/199 en sesión ordinaria celebrada o 19.04.2023:

“Aprobar o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo para os exercicios 2023-2025 por un importe anual de 2.165.961 €, debidamente consignado no orzamento xeral 2023.”

Posteriormente, a través de senllos acordos da Xunta de Goberno local números 3/420, adoptado en sesión da Xunta de Goberno Local do día 25-09-2024, e 12/552, adoptado en en sesión da Xunta de Goberno Local do día 23-12-2024 procedeuse á actualización do Plan estratéxico de subvencións 2023-2025, anualidade 2024.

Obxecto do Plan estratéxico de subvencións

O Plan estratéxico de subvencións, en diante PES, é un instrumento no que conflúen, dunha parte, a materialización dos principios xerais e inspiradores que regularán a concesión das subvencións, así como a súa xustificación; e por outra, o establecemento das medidas de control das subvencións en curso que permitan, unha vez concedidas, o perfeccionamento das que se concedan no futuro mediante a corrección das desviacións observadas.

E do expresado e a regulación do PES dedúcese que a súa finalidade é conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles respectando, para iso, as limitacións derivadas do principio de estabilidade presupostaria.

Ademais, a natureza do PES como instrumento de xestión de carácter programático e sen rango normativo, supón que carece de incidencia directa na esfera de potenciais beneficiarios de subvencións, non creando, deste modo, dereitos nin obrigas para estes. A súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo, entre outros condicionantes, as dispoñibilidades presupostarias de cada exercicio.

Polo tanto, o establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos presupostos municipais e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión ou o documento procedente.

Os seus efectos internos, non obstante, si supoñen vinculación para a corporación municipal en dous sentidos. En primeiro lugar, prohibindo a concesión de subvencións para liñas de acción non previstas no plan. E en segundo lugar, establecendo unha específica obriga de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións, sen prexuízo das modificacións que se deriven dos informes de seguimento, nos termos do artigo 15 do Regulamento da Lei de subvencións.

Ademais, nestes momentos nos que se require un maior control do gasto, o PES ha de ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que se rendibilicen os recursos mediante criterios de eficacia, que polas circunstancias concorrentes poden verse limitados.

Configurado o PES como un instrumento eficaz de xestión pública para a distribución racional dos recursos económicos para a realización das políticas públicas e consecución dos obxectivos que ten encomendados o Concello de Lugo, unha das principais utilidades que persegue é a sistematización das distintas liñas de subvencións previstas nos presupostos, contribuíndo desta forma a unha avaliación futura da actual política de subvencións a través dos informes de avaliación e seguimento do plan.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS

O control e seguimento deste Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo realizarase de forma anual en dous aspectos:

Control económico-financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención Xeral do Concello de Lugo, que se realizará nas condicións

recollidas na lexislación vixente e cos procedementos que por parte da Intervención Xeral se determinen.

Control e seguimento do Plan. Este Plan estratéxico debe ser revisado co obxecto de:

- Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidesen perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.

- Actualizar os importes daquelas que se manteñan.

- Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

Este seguimento realizarase anualmente polo servizo municipal ao que se encomende o seguimento do plan, para o cal por parte de cada un dos departamentos ou organismos xestores das subvencións, procederase a remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria xustificativa.

SEGUNDA.- Con base no exposto foron requiridas as diferentes unidades xestoras aos efectos de emisión de memoria xustificativa, **ano 2024**, coas seguintes especificacións:

A dita memoria, deberá conter:

"1º Execución do orzamento

Información de cada liña e tipo de subvención, que recollerán as subvencións concedidas, xustificadas e pagadas, renuncias, reintegros e liñas de subvencións non convocadas.

Anualidade 2024

MODALIDADE DE CONCESIÓN	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE CRÉDITOS INICIAIS	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS	RENUNCIA	IMPORTE PAGOS REALIZADOS	GRADO DE EXECUCIÓN (ORZAMENTO PREVISTO/PAGO REALIZADO)%	REINTEGROS
NOMINATIVAS							
CONCORRENCIA							
DIRECTAS E EXCEPCIONAIS							
LIÑAS DE SUBVENCIÓN NON CONVOCADAS							

2º Publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións

MODALIDADE DE CONCESIÓN	DE	Publicación adxudicacións	Publicacións outras fases
NOMINATIVAS		SI/NON	
CONCORRENCIA		Si/NON	
DIRECTAS EXCEPCIONAIS	E	SI/NON	

3º Actuacións de seguimento e avaliación de cada liña de subvención; Grao de cumprimento dos obxectivos.

A xustificación do dito grao de cumprimento deberá realizarse conforme aos indicadores establecidos e aprobados no plan estratéxico, para cada liña de subvención, deberá informarse:

Indicadores

Descrición de cada indicador; conforme aos indicadores establecidos e aprobados no plan estratéxico	obxectivo		(%) Cumprimento de obxectivos
	Previsto	Alcanzado	

4º Conclusións ou valoración global.

Dáse traslado ás unidades xestoras que deberán facilitar a información requirida ao Servizo de Fomento, ata o día 21 de xullo de 2025, data límite, todo isto conforme coa competencia que se indica no artigo 32 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. A ditos efectos delégase trámite a través de TECOL Fase execución expte 2024/A004/000029 - PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025. ANO 2024."

TERCEIRA.- Da documentación remitida as magnitudes económicas e grao de execución no referente as liñas estratéxicas de actuación recollidas no Plan estratéxico 2023-2025, anualidade ano 2024, son as que a continuación se detallan, de xeito resumido, nas seguintes táboas:

A) ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL; CONCELLERÍA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN

1º Execución do orzamento:

No Plan estratéxico de subvencións 2023-2025, no referente á anualidade 2024, queda recollida a convocatoria de concesión de subvencións dirixidas a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, para proxectos destinados a actividades de interese social en materia de promoción da igualdade de xénero (incluída a erradicación das violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivo-sexual levadas a cabo pola Concellería de Muller, Igualdade e Inclusión, por un importe total de 25.000 euros.

Na convocatoria presentada no ano 2024, concorreron un total de 9 asociacións ou entidades do municipio, obtendo concesión as 7 que a continuación se detallan:

Anualidade 2024

MODALIDADE DE CONCESIÓN	PARTIDA ORZAMENTARI A	IMPORTE CRÉDITOS INICIAIS	IMPORTE OBRIGAS RECONECIDAS	RENUNCIA	IMPORTE PAGOS REALIZADOS	GRADO DE EXECUCIÓN (ORZAMENTO PREVISTO/PAGO REALIZADO)%	REINTEGROS
CONCORRENCIA: Asoc. Axel Asoc de Xovenes Emprendedores Lucenses	23171.48900	25.000€	1.200,00 €	0,00 €	1.200,00 €	100 %	0,00 €
CONCORRENCIA: Asoc. de mulleres rurais Alfinete	23171.48900	25.000€	2.250,00 €	0,00 €	2.250,00 €	100 %	0,00 €
CONCORRENCIA: ANPA Abella do CEIP Casas	23171.48900	25.000€	180,00 €	0,00 €	180,00 €	100 %	0,00 €
CONCORRENCIA: ANPA CEIP Rosalía de Castro	23171.48900	25.000€	1.190,00 €	0,00 €	1.190,00 €	100 %	0,00 €
CONCORRENCIA: Fundación Taller de Solidaridad	23171.48900	25.000€	3.358,26 €	0,00 €	3.358,26 €	100 %	0,00 €
CONCORRENCIA: ANPA CEIP Illa Verde	23171.48900	25.000€	900,00 €	0,00 €	900,00 €	100 %	0,00 €
CONCORRENCIA: Asoc. Corazóns Artesáns	23171.48900	25.000€	2.025,00 €	0,00 €	2.025,00 €	100 %	0,00 €
CONCORRENCIA: TOTAL	23171.48900	25.000€	11.103,26 €	0,00 €	11.103,26 €	44,41 %	0,00 €

Nota: A Concellería de Muller, Igualdade e Inclusión non tramitou outras modalidades de concesión (nominativas, directas e excepcionais nin liñas de subvención non convocadas)

2º Publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións:

Código BDNS: 785311

MODALIDADE DE CONCESIÓN	Publicación adxudicacións	Publicacións outras fases
CONCORRENCIA	SI	SI (PAGO)

3º Actuacións de seguimento e avaliación de cada liña de subvención; Grao de cumprimento dos obxectivos

Indicadores xerais

Descrición de cada indicador; conforme aos indicadores establecidos e aprobados no plan estratéxico	Obxectivo		(%) Cumprimento de obxectivos
	Previsto	Alcanzado	
Nº de solicitudes	9	7	77,77%
Nº de concesións	7	7	100%
Nº de denegacións	2*	---	---
Nº Total crédito concedido	11.103,26	11.103,26	100%
Actuacións realizadas	7	7	100%
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	25.000 €	11.103,26	44,41 %

* Hai dúas solicitudes que non tiveron concesión polos seguintes motivos: unha por non cumprir as bases e outra por non acadar a puntuación mínima que establecen as bases.

En relación co impacto social no municipio, considérase este positivo ao tratarse de programas dirixidos a colectivos diversos, que impactan en diferentes franxas de idade etc.

Todas as entidades xustificaron correctamente os proxectos presentados

Indicadores de obxectivos específicos:

En materia de promoción da igualdade de xénero e de promoción da integración da muller establecéronse os seguintes obxectivos:

- Fomentar a igualdade de xénero en actividades de ocio, culturais, deportivas etc. co fin de acadar a maior participación da muller en todos os ámbitos sociais.
- Avanzar cara un municipio libre de violencias machistas en sentido amplo.
- Fomento da participación da muller rural nos ámbitos socioculturais e no ámbito da sensibilización contra a violencia de xénero.

En materia de promoción da inclusión da diversidade afectivo-sexual (visibilización e sensibilización), establecéronse os seguintes obxectivos:

- Promover os dereitos humanos como modelo para a convivencia social e a inclusión das persoas LGTBIQ+
- Promover a sensibilización, formación e naturalización da diversidade sexual e de xénero das persoas LGTBIQ+
- Orientar e asesorar sobre cuestións legais, educativas, sanitarias, deportivas e sociais a persoas LGTBIQ+ e ás súas familias.
- Visibilizar e apoderar ao colectivo LGTBIQ+ no municipio de Lugo.

1.- AXEL, ASOCIACIÓN DE XOVES EMPREENDEDORES LUCENSES

Solicitou axuda para a o programa **Mulleres na historia e historias de mulleres.**

A entidade desenvolveu a promoción da igualdade a través da actividade cun traballo de investigación realizado por usuarias da Asociación e Vítimas de Xénero, coa elaboración de material informativo da investigación que repartiron en diferentes entidades.

Conforme aos indicadores aprobados no Plan Estratéxico enténdese que cumpren os obxectivos sinalados como:

- Fomentar a igualdade de xénero en actividades de ocio, culturais, deportivas etc. co fin de acadar a maior participación da muller en todos os ámbitos sociais.
- Avanzar cara a un municipio libre de violencias machistas en sentido amplo.

Importe concedido.....	1.200,00 €
Orzamento da actividade.....	1.400,00 €
Cantidade para xustificar (importe concedido + 10% do orzamento)...	1.340,00 €
Importe xustificado	1.400,00 €
Importe para conceder.....	1.200,00 €

Os gastos xustificados foron superiores á subvención concedida, polo tanto, a execución do proxecto foi do 100%.

Segundo os datos achegados pola entidade, participaron coa repartición de material en centros educativos da cidade, estimando que 250 rapaces e rapazas (de entre 6 a 18 anos), participantes directivos.

O resto repartiuse entre a Subdelegación do Goberno e na Casa da muller (estimándose unhas 70 persoas).

2.- ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS AFINETE

Solicitou axuda para a o programa **Entendéndonos: Programa para a promoción da igualdade de xénero e da diversidade afectivo-sexual no rural.**

A entidade desenvolveu a promoción da igualdade a través da actividade programando unha serie de obradoiros coincidindo con datas escollidas do calendario feministas relacionado coas temáticas do día.

Conforme aos indicadores aprobados no Plan estratéxico, enténdese que cumpren os obxectivos sinalados como:

- Fomentar a igualdade de xénero en actividades de ocio, culturais, deportivas etc. co fin de acadar a maior participación da muller en todos os ámbitos sociais.
- Avanzar cara a un municipio libre de violencias machistas en sentido amplo.
- Fomento da participación da muller rural nos ámbitos socioculturais e no ámbito da sensibilización contra a violencia de xénero.

Importe concedido.....	2.250,00 €
Orzamento da actividade.....	2.503,13 €
Cantidade para xustificar (importe concedido + 10% do orzamento)...	2.500,00 €
Importe xustificado	2.503,13 €
Importe para conceder.....	2.250,00 €

Os gastos xustificados foron superiores á subvención concedida, polo tanto a execución do proxecto foi do 100%.

Segundo os datos achegados pola entidade participaron un total de 40 mulleres, Nas diferentes actividades propostas acudiron non só mulleres socias da entidade, senón que estas estaban abertas a calquera persoa que quixese ser partícipe destas.

3.- ANPA ABELLA DO CEIP CASÁS

Solicitou axuda para a o programa **Contacontos. O cociñeiro de historias**

A entidade desenvolveu a promoción da igualdade a través da actividade programada cun contaconto dirixido ao alumnado do centro educativo CEIP Casás.

Conforme aos indicadores aprobados no Plan estratéxico, enténdese que cumpren os obxectivos sinalados como:

- Fomentar a igualdade de xénero en actividades de ocio, culturais, deportivas etc. co fin de acadar a maior participación da muller en todos os ámbitos sociais.
- Avanzar cara a un municipio libre de violencias machistas en sentido amplo.

Importe concedido.....	180,00 €
Orzamento da actividade.....	200,00 €
Cantidade para xustificar (importe concedido + 10% do orzamento)...	200,00 €
Importe xustificado	200,00 €
Importe para conceder.....	180,00 €

Os gastos xustificados foron superiores a subvención concedida, polo tanto a execución do proxecto foi do 100%.

Segundo os datos achegados pola entidade, participaron un total de 33 nenas/os xunto co profesorado.

4.- ANPA CEIP ROSALÍA DE CASTRO

Solicitou axuda para a o programa: **Programa anual de igualdade**

A entidade desenvolveu a promoción da igualdade a través do programa no centro educativo Rosalía de Castro dirixido ao alumnado do centro, consistente en distintas actividades: Scape room para a igualdade, Contacontos pola Igualdade, Xogos de coeducación, As nosas referentes, obradoiros creativos pola igualdade, Intervención participativa e creativa polo Día da Muller, Xornada de deportes inclusivos e deportes alternativos, Xornadas dos coidados e a educación emocional, o noso patio e Intervención participativa e creativa polo día Contra a Violencia de Xénero.

Conforme aos indicadores aprobados no Plan estratéxico enténdese que cumpren os obxectivos sinalados como:

- Fomentar a igualdade de xénero en actividades de ocio, culturais, deportivas etc. co fin de acadar a maior participación da muller en todos os ámbitos sociais.
- Avanzar cara a un municipio libre de violencias machistas en sentido amplo.

Importe concedido.....	1.190,00 €
Orzamento da actividade.....	1.325,00 €
Cantidade para xustificar (importe concedido + 10% do orzamento)...	1.322,50 €
Importe xustificado	1.325,00 €
Importe para conceder.....	1.190,00 €

Os gastos xustificadas foron superiores á subvención concedida, polo tanto a execución do proxecto foi do 100%.

Segundo os datos achegados pola entidade participaron:

- Educación infantil (3 a 6 anos): 15 nenos e 17 nenas
- Educación primaria (7 a 12 anos): 23 nenos e 24 nenas

5.- FUNDACIÓN TALLER DE SOLIDARIDAD

Solicitou axuda para a o programa: **Enredadas no cambio: 15 historias de emprendemento**

A entidade desenvolveu a actividade de promoción da igualdade a través do proxecto que consistiu na edición e distribución en galego do libro "15 Historias de emprendemento feminino". Este libro inclúe as historias en primeira persoa de 15

empendedoras de distintos países (incluíndo unha galega, Lucía Freitas) ilustradas por 15 ilustradoras.

Este libro distribuíuse a todos os centros de ESO e ciclos formativos de FP do Concello de Lugo, e fíxose talleres co libro en centros educativos, un no IES Xoán Montes CIFP POLITÉCNICO E CPR SAN Xosé.

Conforme aos indicadores aprobados no Plan estratéxico, enténdese que cumpren os obxectivos sinalados como:

- Fomentar a igualdade de xénero en actividades de ocio, culturais, deportivas etc. co fin de acadar a maior participación da muller en todos os ámbitos sociais.
- Avanzar cara a un municipio libre de violencias machistas en sentido amplo.

Importe concedido.....	3.358,26 €
Orzamento da actividade.....	4.785,62 €
Cantidade para xustificar (importe concedido + 10% do orzamento)...	3.836,82 €
Importe xustificado	4.785,62 €
Importe para conceder.....	3.358,26 €

Os gastos xustificadas foron superiores á subvención concedida, polo tanto a execución do proxecto foi do 100%.

Segundo os datos achegados pola entidade participaron, activamente un total de 96 persoas e como posibles lectores/as 266, distribuídos da seguinte maneira:

- 22 nenos e 23 nenas do IES Xoán Montes
- 10 nenos e 17 nenas do CPR San Xosé
- 24 xoves (20 mulleres e 4 homes) do CIFP Politécnico
- 100 usuarios dos 8 centros sociais e de convivencia do Concello de Lugo como posibles lectores
- 90 Usuarios das 3 bibliotecas públicas de Lugo como posibles lectores
- 76 membros e usuarios de 26 entidades sociais de Lugo co o posibles lectores

6.- ASOCIACIÓN NAIS E PAIS ALUMNOS COLEXIO ILLA VERDE

Solicitou axuda para a o programa **Verbas pola Igualdade**.

A entidade desenvolveu a actividade de promoción da igualdade a través dun proxecto que contou con dúas accións, un conto para a igualdade para nenas e nenos de 1, 2º e 3º de primaria e unha mural denominado as "Verbas pola Igualdade".

Conforme aos indicadores aprobados no Plan estratéxico, enténdese que cumpren os obxectivos sinalados como:

- Fomentar a igualdade de xénero en actividades de ocio, culturais, deportivas etc. co fin de acadar a maior participación da muller en todos os ámbitos sociais.
- Avanzar cara a un municipio libre de violencia machista en sentido amplo.

Importe concedido.....	900,00 €
Orzamento da actividade.....	1.000,00 €
Cantidade para xustificar (importe concedido + 10% do orzamento)....	1.000,00 €
Importe xustificado	1.000,00 €
Importe para conceder.....	900,00 €

Os gastos xustificadas foron superiores á subvención concedida, polo tanto a execución do proxecto foi do 100%.

Segundo os datos achegados pola entidade, participaron un total de 200, 100 nenos 100 nenas, aproximadamente.

7.- ASOC. CORAZÓN ARTESÁNS

Solicitou axuda para a o programa **Polas que se foron, polas que están e polas que viran.**

A entidade desenvolveu a actividade de promoción da igualdade a través dun proxecto audiovisual elaborando vídeos con historias de mulleres, así como carteleira para promover a posta en valor de mulleres e a loita contra o maltrato.

Conforme aos indicadores aprobados no Plan estratéxico, enténdese que cumpren os obxectivos sinalados como:

- Fomentar a igualdade de xénero en actividades de ocio, culturais, deportivas etc. co fin de acadar a maior participación da muller en todos os ámbitos sociais.
- Avanzar cara a un municipio libre de violencia machista en sentido amplo.

Importe concedido.....	2.025,00 €
Orzamento da actividade.....	2.261,30 €
Cantidade para xustificar (importe concedido + 10% do orzamento)...	2.251,13 €
Importe xustificado	2.261,30 €
Importe para conceder.....	2.025,00 €

Os gastos xustificadas foron superiores á subvención concedida, polo tanto a execución do proxecto foi do 100%.

Segundo os datos achegados pola entidade, participaron directamente no proxecto 33 persoas e un total de 50 persoas aproximadamente asistiron a presentación dos vídeos.

Conclusións ou valoracións globais.

A convocatoria de axudas para o desenvolvemento de actividades no eido da promoción da igualdade de xénero (incluída a erradicación das violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivo-sexual, concorreron un total de 7 asociacións ou entidades do municipio.

As actuacións foron realizadas segundo o previsto nos proxectos iniciais e a xustificación presentada polas entidades, acadando un 100% de obxectivos.

En relación coa porcentaxe de execución orzamentaria do 44,41%, non se acadou maior grao de execución ao non ter recibido máis solicitudes por entidades que cumpriran as bases da subvencións, dende a concellería darase unha maior difusión da convocatoria das subvencións para acadar unha maior porcentaxe de execución.

Indicar que tamén se axustou o orzamento de subvencións de 32.000 € do ano 2023 a 25.000 € do ano 2024, ao ter en conta que o grao de execución do ano 2023 era moi baixo.

B) ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

1º EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

Información de cada liña de subvención, que recollerán as subvencións concedidas, xustificadas e pagadas, renuncias, reintegros e liñas de subvencións non convocadas.

MODALIDADE DE CONCESIÓN	APLICACIÓN ORZAMET	IMPORTE CRÉDITOS INICIAIS	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS	RENUNCIAS	IMPORTE PAGO ANTICIPADO	IMPORTE PAGADO	GRADO DE EXECUCIÓN	REINTEGROS
NOMINATIVAS	23179.48900.	280.500,00€	277.500,00€	1*	138.750,00€	58.380,75€*	pte	0
CONCORRENCIA COMPETITIVA ALUGAMENTO	23179.48901	156.000,00€	154.384,68 €	11	0	63.286,40 €*	pte	0
LIÑAS DE SUBVENCIONES NON	CONCORRENCIA COMPETITIVA ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO SUBV A DESPRAZAMENTO EN TAXI ADAPTADO							

CONVOCADAS	SUBV PARA O MANTEMENTO DE TAXI ADAPTADO (TAXISTAS) SUBV A ONGD PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL
------------	---

**As cifras dos importes pagados son provisionais, nas subvencións nominativas hai procedementos en trámite e as axudas do alugamento están en execución ao estarse aboando os alugamentos correspondentes ao ano 2025.*

Renuncia da subvención nominativa da ASOCIACIÓN LEDICIA CATIVA:

A “Asociación Leticia Cativa”, CIF G-32298101, presentou o 29.08.2024 por rexistro xeral escrito asinado polo presidente da entidade mediante o cal comunica a decisión da xunta directiva de suspender durante o ano 2024 o programa financiado polo Concello de Lugo “Programa humanitario de acollemento estival en familias luguesas de persoas menores rusas afectadas pola radiación de Chernobyl”, ante a imposibilidade de poder desenvolve-lo. Por conseguinte, a entidade a través do escrito presentado renuncia á subvención do Concello de Lugo.

2º PUBLICACIÓNS NA BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES.

2.1 NOMINATIVAS

ENTIDADE	PUBLICACIÓN BNDS ADXUCACIÓN	PUBLICACIÓN BNDS PAGO ANTICIPADO
AFALU. Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias	805638	SI
AGADHEMO. Asociación Galega de Hemofilia	805646	SI
ALCER Lugo	805658	SI
ALUCEM. Asoc. Lucense de Esclerosis Múltiple	805669	SI
ALUME SAÚDE MENTAL. Asociación lucense de axuda a enfermos mentais	805744	SI
ASORLU	805837	SI
ASPACE	805843	
ASPNAIS-Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	805853	SI
AUXILIA. Asociación para a promoción social e cultural de persoas con discapacidade física	805858	SI
ASOCIACIÓN XITANA LUGO	805865	SI

CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO	805870	SI
AECC. Asociación Española contra el cáncer	805900	SI
ADACE LUGO	805912	SI
ACADAR. Asoc. de mulleres con discapacidade de GALICIA	805935	SI
COGAMI LUGO. Federación de asociacións de persoas con discapacidade de Lugo.	805943	SI
Asociación penitenciaria CONCEPCIÓN ARENAL	805950	SI
CRUZ ROJA ESPAÑOLA	805992	SI
Asociación síndrome de DOWN de Lugo	805996	SI
FADEMGA PLENA INCLUSIÓN SOCIAL GALICIA	806000	SI
FEAFES GALICIA (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia)	806010	SI
RAIOLAS LUGO. Asociación de pais/nais de persoas con trastornos do espectro autista	806021	SI
ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO	809169	SI
SAHARAUIS. Solidariedade Galega co Pobo Saharaui	806024	SI
FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO	809119	SI

2.2 CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES AO ALUGAMENTO

	PUBLICACIÓN BNDS ADXUCACIÓN
CONCORRENCIA COMPETITIVA ALUGAMENTO	720246

A publicidade na BNDS dos pagamentos das mensualidades das axudas do alugamento farase unha vez concluídos todos os pagamentos.

3º ACTUACIONES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE CADA LIÑA DE SUBVENCIÓN. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS:

3.1 TÁBOA XERAL SUBVENCIONES NOMINATIVAS:

SUBVENCIONES NOMINATIVAS			
DESCRIPCIÓN DE CADA INDICADOR	OBJETIVO		(%) Cumplimento dos obxectivos
	PREVISTO	ACADADO	
Nº solicitudes previstas orzamento	25	24	96%
Nº concesiones	24	24	96%

Nº denegacións	0	0	
----------------	---	---	--

3.2 TÁBOA ESPECÍFICA DE CADA LIÑA DE SUBVENCIÓN DO IMPORTE EXECUTADO EN RELACIÓN CO ADXUDICADO.

ENTIDADE	CIF	PROGRAMA	IMPORTE ADXUDICADO	TOTAL PAGADO (anticipo+2º pago)	GRAO EXECUCIÓN
AFALU. Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias	G27285980	Actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias	10.000,00	10.000,00	100%
AGADHEMO. Asociación Galega de Hemofilia	G15220577	Escola de Formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo	2.500,00	2.500,00	100%
ALCER Lugo	G27015866	Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do Ril	2.500,00	2.500,00	100%
ALUCEM. Asoc. Lucense de Esclerosis Múltiple	G27209535	Actividades destinadas a persoas afectadas	2.500,00	2.500,00	100%
ALUME SAÚDE MENTAL. Asociación lucense de axuda a enfermos mentais	G27198977	Pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais	10.000,00	10.000,00	100%
ASORLU	G27021187	Servizo de intérprete de lingua de signos: servizo de mantemento	19.000,00	19.000,00€	100%
ASPNAIS-Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	G27018365	Campamento de verán	16.000,00	14.130,75€	88,32%
AUXILIA. Asociación para a promoción social e cultural de persoas con discapacidade física	G08317059	Por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal	12.000,00	12.000,00	100%
AECC. Asociación Española contra el cáncer	G28197564	Atención integral as persoas diagnosticadas de cancro de mama	2.500,00	2.500,00	100%
ACADAR. Asoc. de mulleres con discapacidade de GALICIA	G70223417	Emprego e Saúde a través do Empoderamento	3.000,00	3.000,00	100%
COGAMI LUGO. Federación de asociacións de persoas con discapacidade de Lugo.	G27219773	Información, Orientación, Asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo.	19.000,00	19.000,00	100%

Asociación penitenciaria CONCEPCIÓN ARENAL	G27119809	- Xornadas penitenciarias lucenses 1.500 € - Servizo de información, orientación e atención social 3.000 €.	4.500,00	4.500,00	100%
Asociación síndrome de DOWN de Lugo	G27202043	Programa de autonomía persoal e social	5.000,00	5.000,00	100%
FEAFES GALICIA (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia)	G15545353	Servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental	5.000,00	5.000,00	100%
RAIOLAS LUGO. Asociación de pais/nais de persoas con trastornos do espectro autista	G27255991	Escola de familias	2.000,00	2.000,00	100%
ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO	G27382027	Programa de actividades para enfermos de párkinson	3.000,00	3.000,00	100%
SAHARAUIS. Solidariedade Galega co Pobo Saharaui	G15924558	Vacacións en paz	7.000,00	7.000,00	100%

Na actualidade está en trámite o pagamento de sete subvencións nominativas, que serán informadas unha vez estea realizado o decreto de pagamento.

3.3 CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS RECOLLIDOS NO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS. LIÑA DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS:

OE: Obxectivo estratéxico:

O obxectivo xeral da liña de subvencións nominativas é o de mellorar o benestar social a través do financiamento de programas ou actividades que melloren a calidade de vida dalgún dos seguintes colectivos de benestar social:

- persoas con discapacidade física, psíquica e/ou sensorial, aquelas que sofren determinadas doenzas ou enfermidades crónicas.
- colectivo de transeúntes ou persoas sen teito.
- persoas de etnia xitana.
- persoas en situación de elevada vulnerabilidade social por insuficiencia de recursos económicos.

ENTIDADE	PROGRAMA	CUMPRIMENTO OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS SI/NON	OBXECTIVO ESPECÍFICO ACADADO	GRAO EXECUCIÓN
AFALU. Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias	Actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias	SI	mellora da calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades crónicas a través da mellora dos programas	100%

			específicos deste colectivo	
AGADHEMO. Asociación Galega de Hemofilia	Escola de Formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo	SI	mellora da calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades crónicas a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
ALCER Lugo	Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do Ril	SI	mellora da calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades crónicas a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
ALUCEM. Asoc. Lucense de Esclerosis Múltiple	Actividades destinadas a persoas afectadas	SI	mellora da calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades crónicas a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
ALUME SAÚDE MENTAL. Asociación lucense de axuda a enfermos mentais	Pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais	SI	mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade psíquica a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
ASORLU	Servizo de intérprete de lingua de signos: servizo de mantemento	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade física a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
ASPACE	Mantemento de locais sociais e programas	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade psíquica a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	
ASPNAIS-Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	Campamento de verán	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade intelectual a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	88,32%

AUXILIA. Asociación para a promoción social e cultural de persoas con discapacidade física	Por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade física a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
ASOCIACIÓN XITANA LUGO	Mantemento do local social e actividades	SI	Fomentar a integración do colectivo de persoas xitanas na nosa cidade a través de programas de atención a familias	100%
CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO	Cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social	SI	Promover a integración de persoas con elevada vulnerabilidade no noso municipio por escaseza de recursos económicos a través de axudas económicas para necesidades básicas	100%
AECC. Asociación Española contra el cáncer	Atención integral as persoas diagnosticadas de cancro de mama	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas por doenzas ou enfermidades a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
ADACE LUGO	Mantemento das instalacións da sede social	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade psíquica a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
ACADAR. Asoc. de mulleres con discapacidade de GALICIA	Emprego e Saúde a través do Empoderamento	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade física a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
COGAMI LUGO. Federación de asociacións de persoas con discapacidade de Lugo.	Información, orientación, Asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo.	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade física a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
Asociación penitenciaria CONCEPCIÓN ARENAL	- Xornadas penitenciarias lucenses 1.500 € - Servizo de información, orientación e atención social 3.000 €.	SI	Sensibilización sobre a situación das persoas que están cumprindo condena Mellora da inclusión social do colectivo de reclusos ou	100%

			exreclusos.	
CRUZ ROJA ESPAÑOLA	Proxecto de mantemento do piso destinado a acollida temporal de persoas sen fogar e programa de atención a persoas sen forar	Si	Fomentar a integración social de persoas transeúntes e persoas sen teito na nosa cidade	100%
Asociación síndrome de DOWN de Lugo	Programa de autonomía persoal e social	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade intelectual a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
FADEMGA PLENA INCLUSIÓN SOCIAL GALICIA	Servizo de información e orientación laboral (SIOL) E SERVIZO DE APOIO PARA O EMPREGO (SAE) para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade psíquica a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
FEAFES GALICIA (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia)	Servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade psíquica a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
RAIOLAS LUGO. Asociación de pais/nais de persoas con trastornos do espectro autista	Escola de familias	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade física a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO	Programa de actividades para enfermos de párkinson	SI	Mellora da calidade de vida das persoas afectadas con discapacidade física a través da mellora dos programas específicos deste colectivo	100%
SAHARAUIS. Solidariedade Galega co Pobo Saharaui	Vacacións en Paz	SI	Apoio ás familias lucenses que participan nos programas de acollemento estival de menores saharauis	100%
FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO	Programa ACCEDER	SI	Fomentar a integración do colectivo de persoas xitanas na nosa cidade a través de programas de atención a familias	100%

OBXECTIVOS DAS SUBVENCÍONS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

CONVOCATORIA	CUMPRIMENTO OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS SI/NON	OBXECTIVO ESPECÍFICO ACADADO	GRAO EXECUCIÓN
AXUDAS AO ALUGAMENTO	SI	Facilitarlle o acceso a unha vivenda digna á cidadanía que se atope nunha situación que lle imposibilite ou dificulte o exercicio do dereito a unha vivenda digna recoñecido na Constitución Española	100%

3.4 INDICADORES RECOLLIDOS NO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS. PARA CADA SUBVENCIÓN NOMINATIVA:

1.ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER.

Teñen subvención para o desenvolvemento de actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	7	8	Superior ao previsto
Nº participantes	49	55	Superior ao previsto
Execución do presuposto	22.300 €	22.300 €	100%
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

2. ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA.

Teñen subvención para o desenvolvemento dunha Escola de Formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	3 obradoiros	3 obradoiros	100%
Nº participantes	128	121	94,53%
Execución do presuposto	2.752,12€	2.857,34 €	Superior ao previsto
Grao de execución da calendarización prevista	Xuño a novembro	Xuño a decembro	O programa durou 1 mes máis do previsto

3. ALCER LUGO.

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa de Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do ril

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	10	10	100%
Nº participantes	34.500	34.500	100%
Execución do presuposto	2.815,47	2.918,09	Superior ao previsto
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

4. ASOCIACIÓN LUCENSE DE ESCLEROSE MÚLTIPLE.

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa de actividades destinadas a persoas afectadas.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	4 programas	4 programas	100%
Nº participantes	115	115	100%
Execución do presuposto	3.638,28 €	3.638,28 €	100%
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

5. ASOCIACIÓN ALUME SAÚDE MENTAL

Teñen subvención para o desenvolvemento do Programa pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais. Cobertura de aloxamento e mantemento en piso de acollida.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	1 (programa acollida en piso protexido)	1 programa acollida en piso protexido)	100%
Nº participantes	5	5	100%
Execución do presuposto	21.795,65 €	22.634,09 €	Superior ao previsto
Grao de execución da calendarización prevista	anual	anual	100%

6. ASOCIACIÓN ASORLU

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa de intérprete de linguaxe de signos.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	1 (servizo de intérprete)	1 (servizo de intérprete)	100%
Nº participantes	192	688	Superior ao previsto
Execución do presuposto	21.112 €	21.346,20€	Superior ao previsto
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

7. ASOCIACIÓN ASPACE LUGO

Teñen subvención para o desenvolvemento do Programa mantemento de locais sociais e programas.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	6 programas	6 programas	100%
Nº participantes	36	34	Superior ao previsto
Execución do presuposto	5.555,56	5.239,76	94,31%
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

8. ASOCIACIÓN ASPNAIS

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa “Campamento de verán 2025”

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	1 campamento	1 campamento	100%
Nº participantes	67	67	100%
Execución do presuposto	25.373,20€	25.373,20 €	100%
Grao de execución da calendarización prevista	Maio e xuño	Maio e xuño	100%

9. ASOCIACIÓN AUXILIA

Teñen subvención para o desenvolvemento do Programa por aquí movémonos todos/as: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	3 programas	3 programas	100%
Nº participantes	146	180	Superior ao previsto
Execución do presuposto	13.580,54€	13.580,54 €	100%
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	anual	100%

10. ASOCIACIÓN XITANA LUGO

Teñen subvención para o desenvolvemento do Programa mantemento do local social e actividades.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	1 programa atención ás familias	1 programa atención ás familias	100%
Nº participantes	400	325	81,25%
Execución do presuposto	1.111,12	11.111,17	100%
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

11. CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa de cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	38 axudas	42 axudas	Superior ao previsto
Nº participantes	112	105	93,75%
Execución do	9.900€	9.900 €	100%

presuposto			
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

12. ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa de atención integral a persoas diagnosticadas de cancro de mama.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	1 programa sensibilización	1 programa sensibilización	100%
Nº participantes	Poboación en xeral	Poboación en xeral	100%
Execución do presuposto	4.430,46	6.079,25	Superior ao previsto
Grao de execución da calendarización prevista	Mes outubro	Mes outubro	100%

13. ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO. ADACE LUGO.

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa Mantemento das instalacións da sede social.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	5 programas.	5 programas.	100%
Nº participantes	275	248	90,18%
Execución do presuposto	13.020€	13.020€	100%
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

14. ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA. ACADAR

Teñen subvención para o desenvolvemento do Programa emprego e saúde a través do empoderamento

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	6 obradoiros	6 obradoiros	100%
Nº participantes	20	20	100%
Execución do	3.355,25	3.365,72 €	Superior ao

presuposto			previsto
Grao de execución da calendarización prevista	Xuño, 15 novembro	Xuño, 15 novembro	100%

15. COGAMI LUGO

Teñen subvención para o desenvolvemento do Programa información, orientación, asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do concello de Lugo.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	3 programas	3 programas	100%
Nº participantes	200	230	Superior ao previsto
Execución do presuposto	21.632,95 €	21.632,95 €	100%
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

16. ASOCIACIÓN PENITENCIARIA CONCEPCIÓN ARENAL.

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa Xornadas penitenciarias lucenses. Servizo de información, orientación e atención social.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	2 programas	2 programas	100%
Nº participantes	70 persoas Servizo de información	91 Servizo de información 176 Xornadas Penitenciarias.	Superior ao prevsiot
Execución do presuposto	5.000€	5.012,98	Superior ao previsto
Grao de execución da calendarización prevista	Servizo de información: anual Xornadas: outubro	Servizo de información: anual Xornadas: outubro	100%

17. CRUZ ROJA ESPAÑOLA

Teñen subvención para o desenvolvemento do Proxecto do mantemento do piso destinado á acollida temporal de persoas sen fogar e programa de atención a transeúntes e persoas sen fogar.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	2 programas	2 programas	100%
Nº participantes	Persoas sen fogar: 250	Persoas sen fogar: 590 Piso: 15	Superior ao previsto
Execución do presuposto	155.185,17	164.635,26	Superior ao previsto
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

18. ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN LUGO

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa de autonomía persoal e social.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	1 programa	1 programa	100%
Nº participantes	29	29	100%
Execución do presuposto	5.659	5.659	100%
Grao de execución da calendarización prevista	Xaneiro a maio	Xaneiro a maio	100%

19. FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA.

Teñen subvención para o desenvolvemento do servizo de información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	2 programas	2 programas	100%
Nº participantes	347	353	Superior ao previsto
Execución do presuposto	5.010 €	5.206,04 €	Superior ao previsto
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%

20. ASOCIACIÓN FEAFES GALICIA

Teñen subvención para o desenvolvemento do servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	1 programa	1 programa	100%
Nº participantes	35	64	Superior ao previsto
Execución do presuposto	43.236,93 €	44.757,97 €	Superior ao previsto
Grao de execución da calendarización prevista	Anual	anual	100%

21. ASOCIACIÓN RAIOLAS LUGO

Teñen subvención para o desenvolvemento do Programa de escola de familias. Conforme aos indicadores establecidos no plan estratéxico.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	5 actividades formativas	5 actividades formativas	100%
Nº participantes	162	162	100%
Execución do presuposto	2.232,28	2.434,05	100%
Grao de execución da calendarización prevista	De maio a setembro	De maio a setembro	100%

22. ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa de Vacacións en paz.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	1 programa	1 programa	100%
Nº participantes	9 menores	9 menores	100%
Execución do presuposto	28.000€	28.000€	100%
Grao de execución da calendarización prevista	De marzo a agosto	De marzo a agosto	100%

23. FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO

Teñen subvención para o desenvolvemento do Programa operativo de inclusión social economía social ACCEDER.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	1 programa	1 programa	100%
Nº participantes	200	200	100%
Execución do presuposto	258.240,72 €	258.240,72 €	100%
Grao de execución da calendarización prevista	anual	anual	100%

24. ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO

Teñen subvención para o desenvolvemento do programa de actividades para enfermos de parkinson.

	Previsto	Realizado	Grao de execución
Actividades	3 programas	3 programas	100%
Nº participantes	60 persoas	60 persoas	100%
Execución do presuposto	25.242,00	25.268	100%
Grao de execución da calendarización prevista	anual	Anual	100%

4º CONCLUSIÓNS E VALORACIÓN GLOBAL.

4.1 Adxudicación de subvencións nominativas a asociacións e entidades de iniciativa social.

No orzamento do ano 2024, na base 24, estaban recollidas dentro da área de servizos sociais un total de 25 subvencións nominativas. O Decreto nº 12215/2024 do 19.12.24 aprobou a adxudicación de 24 de subvencións nominativas.

A ASOCIACIÓN LEDICIA CATIVA renunciou á subvención prevista por non poder desenvolver o “Programa de acollemento estival de menores rusos afectados pola radiación de Chernobyl”, por mor da guerra. Visto que levan varios anos consecutivos sen poder executar o programa, retirouse dos orzamentos a previsión desta subvención co obxecto de poder liberar esa contía económica.

Neste ano realizouse un pagamento anticipado das subvencións nunha porcentaxe do 50%, que foi aboada polo Decreto nº 12429/2024, do 27.12.24, por un importe de 138.750 €. Esta medida supuxo unha mellora na xestión deste tipo de subvencións xa que este anticipo permitiu que moitas entidades melloraran a súa xestión económica.

Déuselles cumprimento aos obxectivos xerais fixados no Plan estratéxico de subvencións para a liñas de subvencións dirixidas a asociacións ou entidades de carácter social.

Esta adxudicación promoveu o desenvolvemento do tecido asociativo e permitiu a execución de programas que complementaron a actuación da administración pública e beneficiaron ao colectivo de persoas usuarias dos servizos sociais. A maioría das entidades presenta un grao de execución do 100% do programa subvencionado.

O financiamento deste tipo de programas supuxo o mantemento dunha oferta de actividades e programas dirixidos a persoas con discapacidade física e/ou psíquica e/ou sensorial, persoas afectadas por determinadas doenzas ou enfermidades, persoas con escasos recursos, minorías étnicas...

Neste tipo de subvencións fináncianse gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...), vestiario, produtos alimenticios, sanitarios e outros gastos diversos como publicidade, imprenta, etc.

Obxectivos específicos:

Mellorou a calidade de vida das persoas que sofren algún tipo de **discapacidade física/psíquica ou sensorial** a través do financiamento dos seguintes programas:

- Emprego e saúde a través do empoderamento. ACADAR
- Mantemento da sede social e programas da Asociación de Dano Cerebral (ADACE LUGO).
- Programa pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais. ALUME
- Servizo de intérprete de lingua de signos. ASORLU
- Mantemento de locais sociais e programas. ASPACE.
- Campamento de verán (este ano o campamento de verán desenvolveuse nas instalacións da asociación subvencionada debido ás restricións sanitarias do COVID 19). APSNAIS

- Por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal. AUXILA
- Información, orientación, asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo. COGAMI LUGO.
- Servizo de información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.FADEMGA
- Servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental. FEALES GALICIA

Mellorou a calidade de vida das persoas que sofren **enfermidades crónicas e/ou doenzas** a través do financiamento dos seguintes programas:

- o Atención integral ás persoas diagnosticadas de cancro de mama. AECC
- o Actividades de estimulación cognitiva para doentes de Alzheimer e outras demencias.AFALU
- o Escola de formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo.AGADHEMO
- o Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do ril. ALCER LUGO
- o Escola de familias. RAIOLAS LUGO

Prestouse apoio aos seguintes colectivos en risco de exclusión social e situación de vulnerabilidade social:

- Colectivo de **persoas transeúntes e/ou sen teito** a través do financiamento do Proxecto actuacións específicas transeúntes e persoas sen fogar de CRUZ VERMELLA.
- Colectivo de **minorías étnicas**, a través dos programas Mantemento do local social e actividades da Asociación Promoción e Integración Xitana de Lugo e Programa de emprego ACCEDER da Fundación Secretariado Gitano.
- Colectivo de persoas afectadas por algunha situación penitenciaria (**penados**) -Xornadas penitenciarias lucenses e o Servizo de información, orientación e atención social. ASOCIACIÓN PENITENCIARIA
- Persoas en situación de vulnerabilidade social: Programa de cobertura de necesidades básicas a persoas en situación de vulnerabilidade social. CARITAS.

A modo de conclusión, indicar que esta liña de financiamento fomenta a permanencia de distintos programas que complementan os programas dos servizos sociais municipais. Moitas asociacións coas cotas dos socios/as e con outras subvencións doutras administracións públicas non poden sufragar o custo das súas actividades o que impediría a súa realización.

4.2. Subvencións dirixidas ao financiamento parcial do alugamento de vivendas destinadas a domicilio habitual de persoas residentes no Concello de Lugo.

Esta liña de subvencións ten como finalidade facilitarlle o acceso a unha vivenda digna á cidadanía que se encontre nunha situación socioeconómica que lle imposibilite ou dificulte o exercicio do dereito a unha vivenda digna recoñecido na Constitución española.

Esta anualidade dentro dos colectivos beneficiarios fíxose fíncape nos seguintes colectivos:

1º Vítimas de violencia de xénero.

2º Familias monoparentais con cargas familiares.

3º Unidades de convivencia con descendentes a cargo ata os 25 anos (inclusive) e/ou con grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.

4º. Unidade de convivencia formada exclusivamente por mozos ata 35 anos de idade inclusive como titulares da unidade familiar.

A modo de conclusión, hai que mencionar que esta convocatoria conta bastante demanda posto que a situación de crise económica actual imposibilita que moitas familias poidan facer fronte aos gastos do alugamento dunha vivenda, se ben é certo que existe unha convocatoria autonómica de axudas.

C) ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA:

1º EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

Modalidade de concesión: concorrencia competitiva.

PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE CRÉDITOS INICIAIS	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS	RENUNCIA	IMPORTE PAGOS REALIZADOS	GRADO DE EXECUCIÓN (ORZ PREVISTO/PAGO REALIZADO)	REINTEGROS
33000.48900	14.900,00€	12.601,01 €	Non	12.601,01 €	84,57 %	Non

Modalidade de concesión: nominativas.

	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE CRÉDITOS INICIAIS	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS	RENUNCI A	IMPORTE PAGOS REALIZADOS	GRADO DE EXECUCIÓN (ORZ PREVISTO/PAGO REALIZADO)	REINTEGROS
Asociación							

Amigos do Jazz G-27112796	33000.48900	27.000,00	27.000,00	Non	27.000,00	100%	Non
Asoc. Prov. empresarios de hostalería e Turismo de Lugo G- 27112796	33000.48900	19.000,00	19.000,00	Non	19.000,00	100%	Non
Sociedade Círculo das Artes G-27006238	33000.48900	6.000,00	0,00	Non	0,00	0%	Non
Asociación Correlingua, G-70.325.683	33000.48900	3.000,00	3.000,00	Non	3.000,00	100 %	Non
Asociación de Escritores en Lingua Galega G-15039936	33000.48900	6.000,00	6.000,00	Non	6.000,00	100%	Non
Sociedade Filarmónica Lucense G-27013069	33000.48900	4.000,00	4.000,00	Non	4.000,00	100%	Non
Grupo Cinematográfico Fonmiñá G-27011865	33000.48900	20.400,00	20.400,00	Non	20.400,00	100%	Non
Fundación Feiras e Exposicións G-27161496	33000.48900	7.000,00	7.000,00	Non	7.000,00	100%	Non
Fundación Manuel María G-70109376	33000.48900	4.000,00	4.000,00	Non	4.000,00	100%	Non
Fundación Rosalia de Castro G-15040850	33000.48900	3.000,00	1.588,11	Non	1.588,11	52,94%	Non
Universidade de Santiago de Compostela Q-1518001A	33000.48900	20.000,00	20.000,00	Non	20.000,00	100%	Non
Asociación Facela Producciones G27499417	33000.48900	15.000,00	15.000,00	Non	15.000,00	100%	Non
Asociación de Antigos Alumnos Escola de Artes Ramón Falcón G27029180	33000.48900	15.000,00	7.500,00	Non	7.500,00	En trámite	Non
Xunta de Confrarías de Semana Santa V-27294891	33000.43900	6.000,00	5.640,00	Non	5.640,00	100%	Non
Asociación Vaia Vaia G13979034	33000.48900	15.000,00	0	Si	0	0	Non

2º PUBLICACIÓN NA BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS

Modalidade de concesión: concorrencia competitiva.

MODALIDADE	PUBLICACIÓN ADXUDICACIÓNS	PUBLICACIÓN OUTRAS FASES
CONCORRENCIA COMPETITIVA	Si (Código 797040)	Si (pagos)

Modalidade de concesión: nominativas.

	PUBLICACIÓN ADXUDICACIÓNS	PUBLICACIÓN OUTRAS FASES
Asociación Amigos do Jazz	Si (Código 805757)	Si
Asoc. Provincial empresarios de hostalería e Turismo de Lugo	Si (Código 805724)	Si
Sociedade Círculo das Artes	Non	Non

Asociación Correlingua	SI (Código 805794)	SI
Asociación de Escritores en lingua galega	SI (Código 805734)	SI
Sociedade Filarmónica lucense	SI (Código 805720)	SI
Grupo Cinematográfico Fonmiñá	SI (Código 832484)	SI
Fundación Feiras e Exposicións	SI (Código 805785)	SI
Fundación Manuel María	SI (Código 805753)	SI
Fundación Rosalía de Castro	SI (Código 805774)	SI
Universidade de Santiago de Compostela	SI (Código 832474)	SI
Asociación Facela Producciones	SI (Código 805789)	SI
Asociación Antigos Alumnos Escola de Artes Ramón Falcón	SI (Código 805791)	Non
Xunta de Confrarías de Semana Santa	SI (Código 805798)	SI
Asociación Vaia Vaia	Non	Non

3º ACTUACIÓNS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE CADA LIÑA DE SUBVENCIÓN, GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS.

Indicadores liña de subvención: concorrencia competitiva

DESCRIPCIÓN DOS INDICADORES ESTABLECIDOS NO PLAN ESTRATÉGICO	OBXECTIVO PREVISTO	OBXECTIVO ALCANZADO	GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS
-Promover e estimular a creación, produción e distribución e consumo das artes incrementando o número de actividades artístico-culturais na cidade de Lugo.	-Incrementar a oferta da actividade cultural da cidade.	A promoción do asociacionismo incidiu directamente no incremento das actividades artísticas e culturais da cidade favorecendo a democratización da cultura nos diferentes eidos.	100%
-Difundir os valores culturais lucenses e galegos	-Favorecer e fomentar o coñecemento dos bens e actividade culturais da cidade.	Realizáronse actividades de difusión da cultura tradicional galega como: difusión de repertorios de música e danza da provincia, obradoiros e mostras de artesanía da provincia, presentación de libros...	100%
-Fomentar as diferentes expresións da cultura.	-Fomentar a recuperación de obradoiros tradicionais. -Potenciar a danza e os diferentes estilos musicais. -Fomentar as actividades literarias. -Fomentar o teatro	Entre as diferentes expresións culturais realizáronse actividades como: mostras de artesanía, obradoiros, concertos de música e baile tradicional, charlas, presentacións de libros, promoción de música, obradoiros de teatro, actividades polas letras galegas...	100%
-Promover a participación dos cidadáns e cidadás na vida local e cultural no eido das artes, letras, ciencias e música, mediante charlas e coloquios, conferencias, danza, teatro, cine, publicacións, exposicións, concertos, obradoiros artísticos etc.	-Incrementar a participación da cidadanía en actividades culturais.	Promoveuse a participación da cidadanía ao ser as actividades gratuítas, abertas á poboación en xeral e dirixidas a todos os públicos.	100%
-Financiar os gastos de actividades de carácter cultural das asociacións e entidades sen ánimo de lucro que contribúen ao incremento da participación dos cidadáns e cidadás na vida cultural da cidade.	-Potenciar o incremento de actividades culturais de balde na cidade.	Promoveuse a participación da cidadanía ao ser as actividades gratuítas.	100%

Recibiuse un total de 8 solicitudes de asociacións culturais como foron: A Volta do Agro, Airiños de Orbazai, Agulla Máxica, Gaiteiros Galegos, Semente Lugo, Sociedade Canaricultura, Cantigas e Frores, Asociación Terras Irmáns, sendo esta

ultima desestimada por non estar a actividade proposta directamente relacionada co obxecto da convocatoria.

Indicadores liña de subvención: nominativas

	DESCRIPCIÓN DOS INDICADORES ESTABLECIDOS NO PLAN ESTRATÉGICO	OBXECTIVO PREVISTO	OBXECTIVO ALCANZADO	GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS
Asociación Amigos do Jazz	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Acercar o mundo da música á poboación	-Difundir diferentes xéneros musicais como o jazz	Ver punto 1	100%
Asoc. Provincial Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Promover a hostalería lucense coa celebración do Concurso de Tapas e outras iniciativas, a través da súa asociación, como foco de atracción turística da cidade	- Promover a hostalería lucense	Ver punto 2	100%
Sociedade Círculo das Artes	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Colaborar co mantemento do local Salón Rexio do Círculo das Artes, no que se celebran actividades municipais	-Celebrar actividades culturais no Círculo das Artes	Ver punto 3	0%
Asociación Correlingua	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Fomentar a lingua galega apoiando aos escritores tanto no seu uso como nas súas obras. Gala das letras, Premios AELG, Correlingua	- Potenciar o uso da lingua galega entre a mocidade.	Ver punto 4	100%
Asociación de Escritores en Lingua Galega	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade. - Fomentar a lingua galega apoiando aos escritores tanto no seu uso como nas súas obras. Gala das letras, Premios AELG, Correlingua	- Potenciar o uso da lingua galega.	Ver punto 5	100%
Sociedade Filarmónica Lucense	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Acercar o mundo da música á poboación	-Difundir diferentes xéneros musicais como a música clásica	Ver punto 6	100%
Grupo Cinematográfico Fonmiñá	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Apoiar á Asociación Fonmiñá na realización do ciclo cinematográfico, con arraigo na cidade que se ven desenvolvendo dende hai 42 anos.	- Fomentar o consumo do cine na poboación xeral	Ver punto 7	100%
Fundación Feiras e Exposicións	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Apoiar a promoción económica do municipio así como a promoción turística da cidade que consecuentemente propicia o seu crecemento económico	- Favorecer iniciativas de ocio	Ver punto 8	100%
Fundación Manuel María	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Contribuír á divulgación do legado do escritor Manuel María apoiando as actividades culturais realizadas na Casa Manuel María e ao seu mantemento	-Difundir o legado do escritor	Ver punto 9	100%
Fundación Rosalía de Castro	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Promover a Casa Museo de Rosalía de Castro e o legado da escritora, difundindo e estudando a súa obra.	-Difundir o legado da escritora	Ver punto 10	100%
Universidade de Santiago de Compostela	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Apoiar a universidade de Santiago de Compostela-USC- no programa Lugo Cultural que se vén desenvolvendo na cidade dende hai anos e que abrangue o teatro, música, danza e outras disciplinas artísticas.	-Potenciar teatro, música, danza e outras disciplinas artísticas.	Ver punto 11	100%

Asociación Facela Producciones	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Achegar o mundo da música á poboación	-Difundir diferentes xéneros musicais como a música independente	Ver punto 12	100%
Asociación Antigos Alumnos da Escola Sup. de Artes Ramón Falcón	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Achegar á poboación unha recreación da historia da urbe lucense mediante o mercado medieval.	- Promover a celebración da feira medieval	Ver punto 13	Sen finalizar a tramitación
Xunta de Confrarías de Semana Santa	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade - Apoiar a promoción económica do municipio así como a promoción turística da cidade que consecuentemente propicia o seu crecemento económico	- Promover a Semana Santa lucense	Ver punto 14	100%
Asociación Vaia Vaia	- Apoiar iniciativas de promoción, creación, formación e difusión da cultura e a promoción da cidade, que contribúan a mellorar e ampliar a oferta cultural e a promoción da cidade	- Promover a celebración do encontro de Fanzines	Ver punto 15	0%

1.- ASOCIACIÓN AMIGOS DO JAZZ.

Solicitaron subvención nominativa para a realización de concertos no XXXIII Festival de Jazz de Lugo, co fin de promover a música jazz entre a poboación lucense.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	24
Nº de participantes	3.624
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	112.281,63
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%
Impacto social na cidade	Alta participación da poboación

O festival tivo lugar entre o 1 e o 17 de novembro de 2024.

Participou un total de 3.624 persoas, aproximadamente 50% homes e 50% mulleres.

O Concello de Lugo colaborou coa Asociación amigos do Jazz, mediante convenio, cunha achega de 27.000,00 euros.

A entidade percibiu subvencións de outras administracións por importe de 64.000,00 euros e o custo da actividade ascendeu a 112.281,63 euros.

2.- ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE HOSTELERÍA.

Solicitaron subvención nominativa para a celebración do 19 Concurso de Tapas na cidade de Lugo, coa finalidade de promover a hostalería lucense.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	1
Nº de participantes	43
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	21.200,00
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%
Impacto social na cidade	O concurso ten boa acollida entre a poboación lucense contando cunha alta participación da poboación.

O concurso foi celebrado do 8 ao 24 de novembro, tal e como se recolle no tríptico elaborado para a inscrición.

O Concello de Lugo colaborou coa Asociación de Hostalería para a celebración do Concurso de Tapas, cunha achega de 19.000,00 euros, ascendendo o custo total a 21.200,00 euros.

Segundo indican na memoria achegada, dos datos das votacións extráese que os consumidores de tapas foron principalmente da nosa cidade así como de cidades limítrofes como A Coruña e Ourense e outras comunidades como Madrid, Asturias, Cantabria e Andalucía.

3.- SOCIEDADE CÍRCULO DAS ARTES.

No ano 2024 o Convenio ente o Concello de Lugo e o Círculo das Artes non chegou a formalizarse.

4.- ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA.

Solicitaron esta liña de subvención para a realización de actividades que fomentan o uso da lingua galega como o Correlingua, carreiras en prol do uso do idioma galego cunha finalidade de sensibilizar á sociedade sobre a importancia da defensa da lingua.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan Estratéxico:

Actuacións realizadas	4
Nº de participantes	873
Custo da actividade en relación ao retorno do gasto	3.347,89 euros
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%
Impacto social na cidade	Alta participación dos institutos da cidade

As actividades foron publicitadas na páxina web <http://www.correlingua.gal/cantalingua/>

O Concello de Lugo colaborou cunha achega de 3.000,00 euros para a celebración do Correlingua, mediante convenio, asumindo a entidade a cantidade restante.

5.- ASOCIACIÓN ESCRITORES EN LINGUA GALEGA.

Solicitaron esta liña de subvención para a realización de actividades que fomentaran o uso da lingua galega apoiando os escritores/as tanto no seu uso como nas súas obras, como é a Gala dos premios Mestra e Mestre da Memoria 2024.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	1
Nº de participantes	100
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	6.974,64 euros
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%
Impacto social na cidade	

A Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria foi celebrada o 2 de outubro de 2024 no Auditorio do Vello Cárcere ás 18:00 horas.

Vinculado á gala realizouse unha actuación de Branca Villares Pazos. As actividades foron realizadas na súa totalidade.

O Concello de Lugo colaborou coa Asociación de Escritores/as en Lingua Galega para a realización das actividades propostas, mediante convenio, cunha achega de 6.000,00 euros.

6.- SOCIEDADE FILARMÓNICA DE LUGO.

Solicitaron esta liña de subvención para a celebración dos concertos da tempada 2024, coa finalidade de promover a música clásica entre a poboación de Lugo.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	6
Nº de participantes	1.620,00
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	28.590,00 euros
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%

Impacto social na cidade	Alta participación nos concertos cumpríndose o obxectivo de promoción e difusión da música clásica ou culta.
--------------------------	--

Os concertos tiveron lugar os días 27 de febreiro, 23 de marzo, 10 de abril, 15 de maio, 26 de outubro e 6 de decembro.

O Concello de Lugo colabora coa Sociedade Filarmónica, mediante convenio, cunha achega de 4.000,00 euros. A entidade declara que percibiu subvencións doutras administracións por importe de 18.000,00 euros, ascendendo o custo total da actividade a 28.590,00 euros.

7.- GRUPO CINEMATOGRAFICO FONMIÑÁ.

Solicitaron esta liña de subvención para a realización da 46 Semana de Cine de Autor.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	147
Nº de participantes	3.334,00
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	67.782,39 euros
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%
Impacto social na cidade	Alta participación nas actividades cumpríndose o obxectivo de achegar o cine á poboación.

A semana do cine foi celebrada do 23 ao 29 de setembro de 2024. As actividades tiveron lugar no Auditorio Gustavo Freire, salas de cine da capital, Aspnais e nos centros penitenciarios de Bonxe, Monterroso e Teixeira.

O Concello de Lugo colaborou coa Sociedade Cinematográfica Fonmiñá cunha achega de 20.400,00 euros. A entidade declarou que percibía subvencións doutras administracións como da Deputación Provincial, por importe de 40.000 euros, ascendendo o custo total a 67.782,39 euros.

8.- FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO.

Solicitaron esta liña de subvención para a celebración do Xuvenilugo, unha actividade de ocio dirixida a público infantil e familiar preferentemente, que se vén celebrando no Pazo de Feiras e Congresos que este ano alcanzou a súa 26 edición.

O Xuvenilugo é unha actividade de ocio consolidada na cidade, que se celebra durante as vacacións escolares de Nadal, que conta cunha grande acollida entre a poboación lucense e da provincia.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	18
Nº de participantes	Non se achegan datos
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	64.979,06 euros
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%
Impacto social na cidade	

O Xuvenilugo supón unha oferta cultural e recreativa que conta cunha gran variedade de actividades como ludoteca para nenos/as de 0 a 6 anos, zona de xogos recreativos, circuío de minigolf, inchables de mediano e gran formato, pista de slot, atraccións, varredora e rocódromo, ocupando os dous pavillóns e o corredor do Pazo de Feiras e Congresos.

O Concello de Lugo colaborou coa Fundación de Feiras e Congresos para a realización do Xuvenilugo, mediante convenio, cunha achega de 7.000 euros. A entidade declarou que percibiu axuda para a mesma actividade da Deputación de Lugo por importe de 15.000 euros.

9.- FUNDACIÓN MANUEL MARÍA.

Solicitan subvención nominativa para contribuír á divulgación e legado do escritor Manuel María apoiando as actividades culturais realizadas na Casa Manuel María e ao seu mantemento.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	6
Nº de participantes	335
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	4.450,85 euros
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%
Impacto social na cidade	Alta participación nas actividades cumpríndose o obxectivo de promoción da Casa museo de Manuel María.

Segundo os datos achegados na memoria as actividades tiveron lugar entre xaneiro e novembro. Realizouse un total de 6 actuacións de música, contacontos, teatro, monicreques... dirixidas a un público infantil e familiar de entre 3 e 12 anos.

O Concello de Lugo colabora coa Fundación Manuel María, mediante un convenio, cunha achega de 4.000,00 euros, ascendendo o custo total da actividade a 4.450,85 euros, sendo asumida a cantidade restante pola propia entidade.

10.- FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO.

Solicitaron a liña de subvención nominativa coa finalidade de contribuír á promoción da Casa Museo de Rosalía de Castro e o legado da escritora difundindo e estudando a súa obra.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	1
Nº de participantes	22
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	1.920,48 euros
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	64,02%
Impacto social na cidade	Escasa participación na actividade, posiblemente por mor da falta de tempo na organización da actividade.

O Concello de Lugo colabora coa Fundación Casa de Rosalía, mediante un convenio, cunha achega de 1.588,11 euros, ascendendo o custo total da actividade a 1.920,00 euros.

11.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Solicitan subvención nominativa para apoiar no desenvolvemento do Programa "Lugo Cultural" que abrangue teatro, música, danza e outras disciplinas artísticas.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	45
Nº de participantes	5630
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	62.915,09 euros
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%
Impacto social na cidade	Alta participación nas actividades.

O Concello de Lugo colabora coa Universidade de Santiago na realización do Lugo cultural cunha achega de 20.000,00 euros. Declaran que reciben unha subvención da Deputación Provincial de 20.000,00 euros achegando a USC 22.915,09 euros.

12. ASOCIACIÓN FACELA PRODUCCIONES.

Solicitan subvención nominativa para apoiar no desenvolvemento do Festival urbano de música alternativa que aposta polo persoal local "Facela Fest".

O Facela Fest véñse celebrando dende hai 8 anos, sendo o festival máis lonxevo da cidade.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	14
Nº de participantes	1700
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	51.424,16 euros
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%
Impacto social na cidade	Alta participación nas actividades incrementándose o número de asistentes en relación coa pasada edición.

O Concello de Lugo colaborou coa Asociación Facela Producciones, cunha achega de 15.000 euros. A entidade declarou que percibiu axudas doutras administracións por importe de 19.377,50 euros para a mesma actividade.

13.- ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DA ESCOLA DE ARTE SUPERIOR RAMÓN FALCÓN.

Solicitan subvención nominativa para apoiar no desenvolvemento da actividade "mercado medieval" que se celebra o 12 de outubro.

Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	13
Nº de participantes	Non se achegan datos
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	13.363,00
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	89,09%
Impacto social na cidade	Alta participación na Feira Medieval

Na data actual este expediente está en tramitación, pendente de resolución.

14.- XUNTA DE CONFRARÍAS DE SEMANA SANTA.

Solicitaron a liña de subvención nominativa coa finalidade de colaborar no financiamento dos actos da Semana Santa lucense contribuíndo á conservación da declaración da Semana Santa Lucense como festa de interese turístico de Galicia. Conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico:

Actuacións realizadas	18
Nº de participantes	Non se achegan datos
Custo da actividade en relación co retorno do gasto	23.299,53 euros
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%
Impacto social na cidade	Alta participación nos actos de celebración da Semana Santa.

O Concello de Lugo colaborou coa Xunta de Confrarías de Semana Santa, mediante convenio, cunha achega de 6.000,00 euros. A entidade percibiu subvención da Deputación Provincial de Lugo por importe de 12.000,00 euros ascendendo o custo total da actividade a 23.299,53 euros.

15.- ASOCIACIÓN VAIA VAIA.

O 25.06.24 recíbese un comunicado do representante da asociación indicando a non realización da actividade obxecto de subvención.

4º CONCLUSIÓNS OU VALORACIÓN GLOBAL.

Liña de subvención: Concorrenza competitiva

Publicada a convocatoria no BOP o 19.11.2024, recibíuse un total de 8 solicitudes de subvención, que segundo se recolle na acta de valoración do 10.12.24 acadan un total de 46 puntos resultando o valor punto por importe de 323,91 euros.

Das 8 solicitudes unha foi desestimada por non estar as actividades directamente relacionadas co obxecto da convocatoria.

Nos casos en que a suma dos puntos correspondentes feita a valoración equivalen a unha cantidade maior á solicitada pola entidade, concédese a cantidade solicitada quedando polo tanto un remanente.

Da dotación orzamentaria destinada á liña de subvencións de concorrenza competitiva por importe de 14.900,00 euros foron executados un total de 12.601,01 euros.

As actividades foron maioritariamente celebradas, entendendo que se cumpriron os fins de promoción e fomento da vida local e cultural, no eido das artes, ciencias, letras e música, incrementando o número de actividades artístico-culturais na cidade de Lugo.

Cabe destacar a menor participación das entidades en relación con outras convocatorias, que pode ser debido ao atraso na publicación desta.

Liña de subvención: nominativas

Da dotación orzamentaria destinada á liña de subvencións de turismo por importe de 6.000,00 euros executouse a súa totalidade.

Da dotación orzamentaria destinada á liña de subvencións de cultura por importe de 164.400,00 euros, executáronse na data actual un total de 140.128,11 euros polos seguintes motivos:

Non se chegou a formalizar o convenio de colaboración entre o Círculo das Artes e o Concello paralizándose a tramitación do expediente.

A Asociación Vaia Vaia presentou unha comunicación indicando a non realización da actividade.

A Fundación Rosalía de Castro non xustificou a totalidade da subvención concedida.

A asociación Xunta de Confrarías presentou a xustificación fóra de prazo sendo tramitado o correspondente expediente sancionador.

O expediente da Asociación de Antigos Alumnos da Escola Superior de Artes Ramón Falcón está pendente de resolución da fase de xustificación.

Cabe indicar que o resto das entidades realizou a xustificación do 100% da actividade.

As actividades foron maioritariamente celebradas, entendendo que se cumpriron os fins de promoción e fomento da vida local, turística e cultural, no eido das artes, ciencias, letras e música, entre outros.

Segue a detectarse a falta de precisión no número de destinatarios en algunhas das actividades realizadas, aínda que en moitos casos, ao ser actividades abertas e/ou celebradas no exterior, puidera resultar complexo.

D) ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

1º Execución do orzamento

Información de cada liña e tipo de subvención, que recollerán as subvencións concedidas, xustificadas e pagadas, renuncias, reintegros e liñas de subvencións non convocadas.

Anualidade 2024

MODALIDADE DE CONCESIÓN	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE CRÉDITOS INICIAIS	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS	RENUNCIA	IMPORTE PAGOS REALIZADOS	GRADO DE EXECUCIÓN (ORZAMENTO PREVISTO/PAGO REALIZADO)%	REINTEGROS
NOMINATIVAS							
NON CONCORRENCIA: INCENTIVOS A CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO LUGO SOSTIBLE 5.0	24102.48100	24.000€		0			0
DIRECTAS E EXCEPCIONAIS							
LIÑAS DE SUBVENCIÓN NON CONVOCADAS: AS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A DINAMIZACIÓN ECONÓMICA	2410048900	22.500€	13.744,31€	1	1.800€	8%	0

2º Publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións

MODALIDADE DE CONCESIÓN	Publicación adxudicacións	Publicacións outras fases
NOMINATIVAS		
NON CONCORRENCIA	NON	
CONCORRENCIA	SI	SI
DIRECTAS E EXCEPCIONAIS		

3º Actuacións de seguimento e avaliación de cada liña de subvención. Grao de cumprimento dos obxectivos.

Indicadores

Descrición de cada indicador; conforme aos indicadores establecidos e aprobados no Plan estratéxico	obxectivo		(%) Cumprimento de obxectivos
	Previsto	Alcanzado	
Nº de solicitudes	12	12	100%
Nº de concesións	12	9	75%
Nº de denegacións	0	1	90%
Nº Total crédito concedido	22.500	13.744,31	61,09%
Actuacións realizadas	12	9	75%
Nº de participantes	2500	2500	100%
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%	61,09%	61,09%
Calendarización adaptada	8 meses	8 meses	100%
Nº de empregos creados	5	0	0%
Indicador cualitativo: mellora empresas existentes	12	2	16,66%

4º Conclusións ou valoración global.

- SUBVENCIÓN POR INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO "O.E. ARQUIVALUGO":

O Concello de Lugo desenvolveu o Obradoiro de Emprego "ARQUIVALUGO", cofinanciado pola Xunta de Galicia. Os incentivos á contratación temporal por conta allea tiñan por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro de Emprego "ARQUIVALUGO", cofinanciados a través das axudas e subvencións a talleres duais de emprego pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pertencente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Publicáronse a convocatoria e as bases de participación no BOP de Lugo, sen recibirse ningunha solicitude, polo que as ditas axudas quedaron sen executarse.

E) CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO

1º Execución do orzamentos

MODALIDADE DE CONCESIÓN	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE CRÉDITOS INICIAIS	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS	RENUNCI A	IMPORTE PAGOS REALIZADOS	GRADO DE EXECUCIÓN (ORZAMENTO PREVISTO/PAGO REALIZADO)%	REINTEGROS
NOMINATIVAS							
CONCURRENCIA	32000.4890	10.000 €	6.671,36 €	Non	6.671,36 €	66,71%	3.328,24
	0						€

DIRECTAS E EXCEPCIONAIS							
LIÑAS DE SUBVENCIÓN NON CONVOCADAS							

2º Publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións

MODALIDADE DE CONCESIÓN	Publicación adxudicacións	Publicacións outras fases
NOMINATIVAS	NON	
CONCORRENCIA	Si	Bases/concesións/pagos
DIRECTAS E EXCEPCIONAIS	NON	

3º Actuacións de seguimento e avaliación de cada liña de subvención; grao de cumprimento dos obxectivos.

A xustificación do dito grao de cumprimento deberá realizarse conforme aos indicadores establecidos e aprobados no Plan estratéxico para cada liña de subvención, deberá informarse:

Indicadores

Descrición de cada indicador; conforme aos indicadores establecidos e aprobados no plan estratéxico	obxectivo	Obxectivo	(%) Cumprimento de obxectivos
	Previsto /	Alcanzado	
Nº de solicitudes	22 ANPAS	12 ANPAS	54,4%
Nº concesións	22 ANPAS	9 concedidas	44,9%
Nº de denegacións	22 ANPAS	3 denegadas	13,6%
Total crédito concedido	10.000€	6.671,36€	66,7%
Contía media das axudas	11 ANPAS	6 ANPAS	54,5%
Actuacións realizadas.	22 actuacións	10 actuacións	45,5%
Nº de participantes.	550 participantes	140 participantes	25,45%
Custo da actividade en relación ao retorno do gasto	10.000€	3382,64€	33,82%
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	10.000€	6.617,36€	66,17%
Calendarización adaptada	100%	90%	90%
Memoria xustificativa da actividade subvencionada. Comprobarase o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores establecidos no proxecto para o que se solicitou subvención.	100%	80%	80%
Para a obtención da subvención haberase de xustificar con carácter previo á súa concesión a	100%	100%	100%

relación das correspondentes facturas de gastos relativos á subvención obtida no exercicio anterior.			
--	--	--	--

En relación coa concesión das subvencións para as asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos deste Concello correspondentes ao ano 2024 especificar:

Que dos 10.000 € destinados a estas axudas na partida orzamentaria 32000.48900 correspondente nos orzamentos municipais do ano 2024 concedéronse 9 axudas dun total de 12 solicitudes, polo que se denegaron 3. Ademais, no caso da ANPA Illa Verde e do CEIP Albeiros, a cantidade xustificada foi menor á cantidade que aparecía na solicitude porque finalmente non se xustificou e, por tanto, non se realizou unha das formacións solicitadas.

As axudas concedidas foron as seguintes:

NOME DA ANPA	NOME DA ACTIVIDADE E CONTIDOS	CONTÍA SUBVENCIONABLE (90% do custo real)	Nº PARTICIPANTES	CALENDARIZACIÓN
ANPA CEIP A PONTE G27010461	Curso primeiros auxilios <u>PARTE TEÓRICA (2 horas)</u> -SECUENCIA DE ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA. -SOPORTE VITAL BÁSICO. -ATENCIÓN EN ATRAGOAMENTO, ANAFILAXIA, INTOXICACIÓNS E HIPO/HIPERGLUCEMIA. PRIMEIROS AUXILIOS EN QUEIMADURAS, FERIDAS, TRAUMATISMOS E ELECTROCUCIÓN. CANDO ACUDIR A URXENCIAS. <u>PARTE PRÁCTICA (2 horas)</u> -OBSTRUCCIÓN DA VÍA AÉREA POR CORPO ESTRANO. -POSICIÓN LATERAL DE SEGURIDADE. -SOPORTE VITAL BÁSICO,	1375,2	24 participantes	30 novembro 2024 de 10 a 14 horas
	Formación en igualdade e fomento da comunicación intrafamiliar Grupo Familias (Nais e Pais) • Identificación de identidades (xénero, sexo,		11 participantes	18 e 25 de novembro

	estereotipos, rol de xénero, masculinidade, feminidade) • Dinámicas relacionadas coa sexualidade e os principais problemas da igualdade no noso momento (boneco da sexualidades, o semáforo, manófera) • Como queremos que se eduquen o nosos fillos con respecto á igualdade? • Dinámicas de comunicación • Autocoñecemento e conclusións Grupo Nenos e Nenas: • Xogos de identificación e diferenciación de sexo e xénero • Dinámicas de roles de xénero • Dinámicas e xogos para entender que son os estereotipos de xénero • Identificación de problemas de igualdade • Xogos e dinámicas de traballo en equipo, cooperación e comunicación			
APA AMIGOS DEL MENÉNDEZ PELAYO G27277979	Encontros con familias "A familia: primeiro axente de prevención de abusos a menores. Identidade dixital, pornografía e redes sociais" • A familia como primeiro axente de prevención • Prevención de abusos a menores "Nutrición e hábitos saudables" • Educación alimentaria: fomento de hábitos alimentarios saudables. • Prevención do sobrepeso infantil. • Como crear un estilo de vida saudable	477€	20 participantes	21 febreiro, 12 xuño, 25 abril, 16 outubro, 20 novembro de 18:30 a 20
ANPA CEIP DE ALBEIROS G27119668	A crianza dende a disciplina positiva Análise e presentación de modelos a seguir en procesos educativos nas familias.	273,15€	Non consta	25 novembro 2024 ás 20:30
APA SAGRADO CORAZÓN DE LUGO G27019256	Que a rede non te enrede Grupo Familias (Nais e Pais) • Dinámicas e reflexión sobre as redes sociais e o seu uso. • Seguridade nas redes	810€	9 participantes	20 e 27 novembro de 17 a 19 horas.

	sociais • Tempos de uso, tecnoloxías da información e comunicacións fóra do traballo • Intelixencia artificial Grupo Nenos e Nenas: • Dinámicas do papel das redes sociais • Dinámicas para coñecer os youtubers/streamers/tiktokers • Aspectos positivos e negativos das redes sociais • Xogos de seguridade nas redes • Xogos e dinámicas das emocións derivadas do uso das tecnoloxías			
ASOC DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS ANEXA G27370105	Que a rede non te enrede Grupo Familias (Nais e Pais) • Dinámicas e reflexión sobre as redes sociais e o seu uso. • Seguridade nas redes sociais • Tempos de uso, tecnoloxías da información e comunicacións fóra do traballo • Intelixencia artificial Grupo Nenos e Nenas: • Dinámicas do papel das redes sociais • Dinámicas para coñecer os youtubers/streamers/tiktokers • Aspectos positivos e negativos das redes sociais • Xogos de seguridade nas redes • Xogos e dinámicas das emocións derivadas do uso das tecnoloxías	810€	12 participantes	15 e 22 de novembro de 16 A 18:30
APA DEL COLEGIO PUBLICO ISLA VERDE DE LUGO G27043033	Formándonos para ser mellores pais e nais -Obradoiro 1: Claves para acompañar ao teu fillo no seu estudo: organización dos tempos de estudo e tempos de descanso, organización do espazo de estudo dentro do fogar. - Obradoiro 2: Uso responsable de pantallas.Xestión en familia: como pactar o tempo de uso dos nen@s das pantallas no fogar e regulación dos	529,56€	- Obradoiro 1: 20 familias - Obradoiro 2: 24 familias - Obradoiro 3: 15 familias	-22 de abril de 2024 ás 20 horas - 28 de maio de 2024 -23 de novembro de 2024: dous grupos (de 10 a 11:45 e de 12:00 a 13:45)

	contidos en función da idade. - Obradoiro 3: Reciclando e transformando para unha nova vida: ten como obxectivo mostrar ás familias un xeito de facer xoguetes, agasallos, figuras decorativas,... reciclando material de tipo papel e cartón que traían das súas propias casas, coller conciencia de que se pode dar unha nova vida a un material xa usado e coñecer o oficio de artesán do cartón pedra (obradoiro impartido pola artesá Marga Portomeñe no seu taller na Tinería).			
ANPA CEIP ROSALÍA DE CASTRO G27126234	Que a rede non te enrede Grupo Familias (Nais e Pais) • Dinámicas e reflexión sobre as redes sociais e o seu uso. • Seguridade nas redes sociais • Tempos de uso, tecnoloxías da información e comunicacións fóra do traballo • Intelixencia artificial Grupo Nenos e Nenas: • Dinámicas do papel das redes sociais • Dinámicas para coñecer os youtubers/streamers/tiktokers • Aspectos positivos e negativos das redes sociais • Xogos de seguridade nas redes • Xogos e dinámicas das emocións derivadas do uso das tecnoloxías	810€	11 participantes	2 tardes da primeira quincena de novembro en horario de 17:00 a 19:00
APA COLEGIO MILAGROS A DE LUGO G27020791	Escola de nais e pais - A familia: primeiro axente de prevención de abusos a menores, identidade dixital, pornografía e redes sociais. - Nutrición e hábitos saudables: prevención do sobrepeso infantil	1287€	20 participantes	15 e 23 de outubro de 2024
ANPA CEIP AS MERCEDES G27130301	Axudar aos nosos pequenos: - Obradoiro 1: RCP básica na escola Definición de PCR, diferenza de morte natural,	299,45€	-Obradoiro 1: 8 participantes - Obradoiro 2: 25 participantes	-21 de novembro ás 18 horas - 27 de novembro ás 18:30

	cadea de supervivencia, obstrución vía aérea por corpo estrano, parte práctica - Obradoiro 2: Educando a intelixencia emocional dos nosos fillos: emocións, intelixencia emocional, asertividade, modificación de conduta				
TOTAL SUBVENCIÓN CONCEDIDAS		6.671,36€			

Contía media das axudas: 741,26€

- **Impacto social na cidade:** Todas estas actividades formativas, polo xeral, involucran á comunidade educativa e tanto as familias coma os menores adquiren formación en materia de primeiros auxilios, igualdade e comunicación intrafamiliar, prevención de abusos, hábitos saudables de alimentación, a crianza dende a disciplina positiva, uso de redes sociais, técnicas de estudo, uso responsable de pantallas, artesanía con material reciclado e intelixencia emocional. Moitas están enmarcadas dentro das escolas de familias, que buscan procurar ferramentas educativas e busca un espazo de diálogo e asesoramento.

Ademais, estas actividades integra ás diferentes familias, moitas de recente chegada ou con poucos contactos no día a día dos CEIP. Finalmente, inciden positivamente nunha mellora da convivencia tanto no centro como noutros ámbitos da cidade

As bases aprobadas neste ano recollían que se concederían axudas ás asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos establecendo un límite máximo de 2.000 € por asociación, sempre e cando non se superara o orzamento de 10.000 €.

Non se podía solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da actividade ou acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

Non obstante, denegáronse 3 solicitudes por non cumprir os requisitos de presentar un carácter formativo enfocado ás familias, tendo un carácter predominantemente lúdico.

- O grao de execución sobre a realidade na que se pretendeu incidir nesta convocatoria de subvencións foi dun 66,71% **(6.671,36€)**.

4º Conclusións ou valoración global.

Estas bases teñen por obxecto a concesión dunha subvención ás asociacións de pais e nais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos no

concello de Lugo para a realización de actuacións en materia de participación educativa, que en ningún caso implicará a realización de actividades extraescolares do alumnado para o ano 2024.

Por isto e tendo en conta que os obxectivos conforme aos indicadores establecidos no plan estratéxico: subvencións no ámbito da educación fundamentais no recoñecemento e apoio aos distintos ámbitos, entendéndose que a iniciativa privada sen ánimo de lucro poderá colaborar na prestación dos servizos educativos, establecendo como un dos programas básicos de actuación dos servizos educativos o apoio as familias con menores e adolescentes, é dicir a comunidade educativa, **pódese afirmar que o cumprimento foi medio conforme aos indicadores aprobados no Plan estratéxico** para esta liña de subvención, aínda que a intencionalidade e facer máis fincapé para que as ANPAS entendan a finalidade da subvención así como continuar coa revisión das bases desta subvención, ter en conta a realidade da situación na que se encontran as asociacións de pais e nais de Lugo capital.

Os criterios para a adxudicación da subvención foi o cumprimento do establecido nas bases, que a subvención fora destinada á formación dos pais/nais do alumnado, así como a acreditación documental de que os gastos foran destinados a este fin. Vendo que hai 3 solicitudes rexeitadas polo mesmo motivo, valorarase para vindeiros anos unha segunda liña cultural ademais da formativa quizais cunha porcentaxe menor de subvención.

F) CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE

Servizo de Urbanismo

En relación co asunto de referencia, á vista da solicitude do Servizo Municipal de Fomento, trasladada a este servizo o 25.06.2025, infórmase que na anualidade 2024 non se realizou ningunha actuación en relación coa liña de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a rehabilitación do recinto histórico de LUGO-FASE XVI.

Non obstante, remítese a información máis relevante en relación coa execución da liña de subvención en réxime de concorrencia competitiva para a rehabilitación do recinto histórico de LUGO-FASE XV, que aínda que non forma parte do Plan estratéxico de subvencións, período 2023-2025, a súa execución finalizou na anualidade 2024, de acordo co seguinte contido:

1º Execución do orzamento

MODALIDADE DE CONCESIÓN	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE CRÉDITOS INICIAIS	IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS	RENUNCIA	IMPORTE PAGOS REALIZADOS	GRADO DE EXECUCIÓN (ORZAMENTO PREVISTO/PAGO REALIZADO) %	REINTEGROS
NOMINATIVAS							
CONCORRENCIA	15220.78900	233.584,45	66.440,64	2	25.000	9,34%	NON
DIRECTAS E EXCEPCIONAIS							
LIÑAS DE SUBVENCIÓN NON CONVOCADAS							

2º Publicación na Base de Datos Nacional de Subvencions

MODALIDADE DE CONCESIÓN	Publicación adxudicacións	Publicacións outras fases
NOMINATIVAS	SI/NON	
CONCORRENCIA	XSI/NON	SÍ
DIRECTAS E EXCEPCIONAIS	SI/NON	

Indicadores (NON PROCEDE AO NON ESTAR INCLUÍDA ESTA ACTUACIÓN NO PES 2023-2025)

Non obstante, as **memorias enviadas polas diferentes unidades xestoras** constan anexas no expediente **2024/A004/000029** Fase execución Informe técnico.

CUARTA.- Dende o Servizo de Intervención ponse de manifesto a non fiscalización previa do expediente con independencia da revisión do Plan estratéxico como obxecto de análise no Plan anual de control financeiro de 2026.

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRA.- Aprobar a execución e avaliación, no exercicio 2024, do Plan estratéxico de subvencions 2023-2025, conforme á documentación enviada polas diferentes áreas:

ANEXO I, grao de execución do orzamento

ÁREA	LIÑA	ACCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS (1)	IMPORTE PAGOS REALIZADOS (2)	GRAO DE EXECUCIÓN (2) / (1)
COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE	Subvencións en concorrencia competitiva	Subvencións para proxectos destinados a actividades de interese social en materia de promoción da igualdade de xénero (incluída a erradicación das violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivo-sexual	25.000,00	11.103,26	44,41%
COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES	Subvencións nominativas	Subvencións nominativas para a promoción e inserción social de colectivos desfavorecidos e/ou en risco de exclusión social	280.500,00	58.380,75(*)	20,81%
	Subvencións en concorrencia competitiva	Subvencións dirixidas ao financiamento parcial do alugamento de vivendas destinadas a domicilio habitual de persoas residentes no concello de Lugo	156.000,00	63.286,40(*)	40,57%
CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA	Subvención nominativas	Subvención nominativas de apoio a asociacións para desenvolvemento de proxectos culturais, de promoción cultural de Lugo e proxectos de promoción e apoio á hostalería local.	164.400,00	140.128,11	85,24%
		TURISMO; Promoción da Semana Santa Lucense	6.000,00	6.000,00	100,00 %
	Subvencións en concorrencia competitiva	Subvencións a asociacións culturais e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro.	14.900,00	12.601,01	84,57%
CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA: CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO	Subvencións en concorrencia competitiva	Subvencións ás asociacións de pais e nais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos.	10.000,00	6.671,36	66,71%
COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: AXENCIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL EMPREGO	Subvencións en concorrencia competitiva	Subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica	22.500,00	1.800,00	8,00%
	Subvencións en concorrencia competitiva	Incentivos á contratación dos alumnos traballadores do obradoiro dual de emprego Lugo sostible 5.0	24.000,00	0,00	0,00%

(*)datos provisionais, procedementos en trámite

ANEXO II

INDICADORES E PORCENTAXE DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS CONFORME AOS INFORMES DAS UNIDADES XESTORAS

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE MULLER IGUALDADE E INCLUSIÓN			
Descrición de cada indicador; conforme aos indicadores establecidos e aprobados no Plan estratéxico	Obxectivo		(%) Cumprimento de obxectivos
	Previsto (número)	Alcanzado (número)	
Nº de solicitudes	9	7	77,77%
Nº de concesións	7	7	100%
Nº de denegacións	2		-----
Nº Total crédito concedido	11.103,26 €	11.103,26 €	100,00%
Actuacións realizadas	7	7	100%
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	25.000 €	11.103,26 €	44,41%

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL				
LIÑA DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS				
Entidade		Previsto	Realizado	Grao de execución
AFALU. Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias	Actividades	7	8	Superior ao previsto
	Nº participantes	49	55	Superior ao previsto
	Execución do presuposto	22.300 €	22.300 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%
AGADHEMO. Asociación Galega de Hemofilia	Actividades	3 obradoiros	3 obradoiros	100%
	Nº participantes	128	121	94,53%
	Execución do presuposto	2.752,12 €	2.857,34 €	Superior ao previsto
	Grao de execución da calendarización prevista	Xuño a novembro	Xuño a decembro	O programa durou 1 mes máis do previsto
ALCER Lugo	Actividades	10	10	100%
	Nº participantes	34.500	34.500	100%

	Execución do presuposto	2815,47 €	2918,09 €	Superior ao previsto
	Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%
ALUCEM. Asoc. Lucense de Esclerosis Múltiple	Actividades	4 programas	4 programas	100%
	Nº participantes	115	115	100%
	Execución do presuposto	3.638,28 €	3.638,28 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%
ALUME SAÚDE MENTAL. Asociación lucense de axuda a enfermos mentais	Actividades	1 (programa acollida en piso protexido)	1 programa acollida en piso protexido)	100%
	Nº participantes	5	5	100%
	Execución do presuposto	21.795,65 €	22.634,09 €	Superior ao previsto
	Grao de execución da calendarización prevista	anual	anual	100%
ASORLU	Actividades	1 (servizo de intérprete)	1 (servizo de intérprete)	100%
	Nº participantes	192	688	Superior ao previsto
	Execución do presuposto	21.112 €	21.346,20 €	Superior ao previsto
	Grao de execución da calendarización prevista	anual	Anual	100%
ASPACE	Actividades	6 programas	6 programas	100%
	Nº participantes	36	34	Superior ao previsto
	Execución do presuposto	5.555,56 €	5.239,76 €	94,31%
	Grao de execución da calendarización prevista	anual	Anual	100%
ASPNAIS-	Actividades	1	1	100%

		campamento	campamento	
Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	Nº participantes	67	67	100%
	Execución do presuposto	25.373,20 €	25.373,20 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	Maio e xuño	Maio e xuño	100%
AUXILIA. Asociación para a promoción social e cultural de persoas con discapacidade física	Actividades	3 programas	3 programas	100%
	Nº participantes	146	180	Superior ao previsto
	Execución do presuposto	13.580,54 €	13.580,54 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	anual	anual	100%
ASOCIACIÓN XITANA LUGO	Actividades	1 programa atención ás familias	1 programa atención ás familias	100%
	Nº participantes	400	325	81,25%
	Execución do presuposto	1.111,12 €	11.111,17 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%
CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO	Actividades	38 axudas	42 axudas	Superior ao previsto
	Nº participantes	112	105	93,75%
	Execución do presuposto	9.900 €	9.900 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%
AECC. Asociación Española Contra el Cáncer	Actividades	1 programa sensibilización	1 programa sensibilización	100%
	Nº participantes	Poboación en xeral	Poboación en xeral	100%
	Execución do presuposto	4.430,46 €	6.079,25 €	Superior ao previsto
	Grao de execución da calendarización prevista	Mes outubro	Mes outubro	100%
ADACE LUGO ASOCIACIÓN DE	Actividades	5 programas.	5 programas.	100%
	Nº participantes	275	248	90,18%

DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	Execución do presuposto	13.020 €	13.020 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%
ACADAR. Asoc. de Mulleres con Discapacidade de GALICIA	Actividades	6 obradoiros	6 obradoiros	100%
	Nº participantes	20	20	100%
	Execución do presuposto	3.355,25 €	3.365,72 €	Superior ao previsto
	Grao de execución da calendarización prevista	Xuño a 15 novembro	Xuño a 15 novembro	100%
COGAMI LUGO. Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Lugo	Actividades	3 programas	3 programas	100%
	Nº participantes	200	230	Superior ao previsto
	Execución do presuposto	21.632,95 €	21.632,95 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%
Asociación Penitenciaria CONCEPCIÓN ARENAL	Actividades	2 programas	2 programas	100%
	Nº participantes	70 persoas Servizo de información	91 Servizo de información 176 Xornadas Penitenciarias	Superior ao previsto
	Execución do presuposto	5.000 €	5.012,98 €	Superior ao previsto
	Grao de execución da calendarización prevista	Servizo de información: anual	Servizo de información: anual	100%
CRUZ ROJA ESPAÑOLA	Actividades	2 programas	2 programas	100%
	Nº participantes	Persoas sen fogar: 250	Persoas sen fogar: 590 Piso: 15	Superior ao previsto
	Execución do presuposto	155.185,17 €	164.635,26 €	Superior ao previsto
	Grao de execución da calendarización prevista	Anual	Anual	100%
Asociación Síndrome de DOWN de Lugo	Actividades	1 programa	1 programa	100%
	Nº participantes	29	29	100%
	Execución do presuposto	5.659 €	5.659 €	100%

	Grao de execución da calendarización prevista	Xaneiro a maio	Xaneiro a maio	100%
FADEMG PLENA INCLUSIÓN SOCIAL GALICIA	Actividades	2 programas	2 programas	100%
	Nº participantes	347	353	Superior ao previsto
	Execución do presuposto	5.010 €	5.206,04 €	Superior ao previsto
	Grao de execución da calendarización prevista	anual	Anual	100%
FEAFES GALICIA (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia)	Actividades	1 programa	1 programa	100%
	Nº participantes	35	64	Superior ao previsto
	Execución do presuposto	43.236,93 €	44.757,97 €	Superior ao previsto
	Grao de execución da calendarización prevista	anual	anual	100%
RAIOLAS LUGO. Asociación de Pais/Nais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista	Actividades	5 actividades formativas	5 actividades formativas	100%
	Nº participantes	162	162	100%
	Execución do presuposto	2.232,28 €	2.434,05 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	De maio a setembro	De maio a setembro	100%
ASOCIACIÓN PÁRKINSON LUGO	Actividades	1 programa	1 programa	100%
	Nº participantes	9 menores	9 menores	100%
	Execución do presuposto	28.000 €	28.000 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	De marzo a agosto	De marzo a agosto	100%
SAHARAUIS. Solidariedade Galega co Pobo Saharai	Actividades	1 programa	1 programa	100%
	Nº participantes	200	200	100%
	Execución do presuposto	258.240,72 €	258.240,72 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	anual	anual	100%
FUNDACIÓN SECRETARIADO	Actividades	3 programas	3 programas	100%
	Nº participantes	60 persoas	60 persoas	100%

GITANO	Execución do presuposto	25.242,00 €	25.268 €	100%
	Grao de execución da calendarización prevista	anual	Anual	100%

LIÑA DE SUBVENCIÓNS CONCORRENCIA COMPETITIVA

CONVOCATORIA	CUMPRIMENTO OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXECTIVO ESPECÍFICO ACADADO	GRAO EXECUCIÓN
AXUDAS AO ALUGAMENTO	SI / NON	Facilitarlle o acceso a unha vivenda digna á cidadanía que se atope nunha situación que lle imposibilite ou dificulte o exercicio do dereito a unha vivenda digna recoñecido na Constitución española	100%

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

LIÑA DE SUBVENCIÓNS CONCORRENCIA COMPETITIVA

DESCRICIÓ DOS INDICADORES ESTABLECIDOS NO PLAN ESTRATÉXICO	OBXECTIVO PREVISTO	OBXECTIVO ALCANZADO	GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS
-Promover e estimular a creación, produción e distribución e consumo das artes incrementando o número de actividades artístico-culturais na cidade de Lugo.	-Incrementar a oferta da actividade cultural da cidade.	A promoción do asociacionismo incidiu directamente no incremento das actividades artísticas e culturais da cidade favorecendo a democratización da cultura nos diferentes eidos.	100%
-Difundir os valores culturais lucenses e galegos	-Favorecer e fomentar o coñecemento dos bens e actividade culturais da cidade.	Realizáronse actividades de difusión da cultura tradicional galega como: difusión de repertorios de música e danza da provincia, obradoiros e mostras de artesanía da provincia, presentación de libros...	100%
-Fomentar as diferentes expresións da cultura.	-Fomentar a recuperación de obradoiros tradicionais.	Entre as diferentes expresións culturais realizáronse actividades como: mostras de artesanía, obradoiros, concertos de música e baile tradicional, charlas, presentacións de libros, promoción de música, obradoiros de teatro, actividades polas letras galegas...	100%
	-Potenciar a danza e os diferentes estilos musicais.		
	-Fomentar as actividades literarias.		
	-Fomentar o teatro		
-Promover a participación dos cidadáns e cidadás na vida local e cultural no eido das artes, letras, ciencias e música, mediante charlas e coloquios, conferencias, danza, teatro, cine, publicacións, exposicións,	-Incrementar a participación da cidadanía en actividades culturais.	Promoveuse a participación da cidadanía ao ser as actividades gratuítas, abertas á poboación en xeral e dirixidas a todos os públicos.	100%

concertos, obradoiros artísticos, etc.					
-Financiar os gastos de actividades de carácter cultural das asociacións e entidades sen ánimo de lucro que contribúen ao incremento da participación dos cidadáns e cidadás na vida cultural da cidade.	- Potenciar o incremento de actividades culturais de balde na cidade.	Promoveuse a participación da cidadanía ao ser as actividades gratuítas.		100%	
LIÑA DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS					
ENTIDADE	ACTUACIÓNS REALIZADAS	Nº DE PARTICIPANTES	CUSTO DA ACTIVIDADE EN RELACIÓN AO RETORNO DO GASTO	PORCENTAXE DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO DESTINADO	IMPACTO SOCIAL NA CIDADE
Asociación Amigos do Jazz	24	3.624	112.281,63 €	100%	Alta participación da poboación
Asoc. Provincial Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo	1	43	21.200, 00 €	100%	O concurso ten boa acollida entre a poboación lucense contando cunha alta participación da poboación.
Sociedade Círculo das Artes	No ano 2024 o Convenio ente o Concello de Lugo e o Círculo das Artes non chegou a formalizarse.				
Asociación Correlingua	4	873	3.347,89 €	100%	Alta participación dos institutos da cidade
Asociación de Escritores en Lingua Galega	1	100	6.974,64 €	100%	
Sociedade Filarmónica Lucense	6	1.620	28.590,00 €	100%	Alta participación nos concertos cumpríndose o obxectivo de promoción e difusión da música clásica ou culta.
Grupo Cinematográfico Fonmiñá	147	3.334	67.782,39 €	100%	Alta participación nas actividades cumpríndose o obxectivo de achegar o cine á poboación.
Fundación Feiras e Exposicións	18	Non se achegan datos	64.979,06 €	100%	
Fundación Manuel María	6	335	4.450,85 €	100%	Alta participación nas actividades cumpríndose o obxectivo de promoción da Casa museo de Manuel María.
Fundación Rosalía de Castro	1	22	1.920,48 €	64,02%	Escasa participación na actividade, posiblemente por mor da falta de tempo na organización da actividade.
Universidade de Santiago de Compostela	45	5630	62.915,09 €	100 %	Alta participación nas actividades.
Asociación Facela Producciones	14	1700	51.424,16 €	100 %	Alta participación nas actividades

					incrementándose o número de asistentes en relación coa pasada edición
Asociación Antigos Alumnos da Escola Sup. de Artes Ramón Falcón	13	Non se achegan datos	13.363,00 €	89,09%	Alta participación na Feira medieval
Xunta de Confrarías de Semana Santa	18	Non se achegan datos	23.299,53	100 %	Alta participación nos actos de celebración da Semana Santa.
Asociación Vaia Vaia	O 25.06.24 recíbese un comunicado do representante da asociación indicando a non realización da actividade obxecto de subvención.				

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Descrición de cada indicador conforme aos indicadores establecidos e aprobados no Plan estratéxico	Obxectivo		(%) Cumprimento de obxectivos
	Previsto	Alcanzado	
Nº de solicitudes	12	12	100%
Nº de concesións	12	9	75%
Nº de denegacións	0	1	90%
Nº total crédito concedido	22.500	13.744,31	61,09%
Actuacións realizadas	12	9	75%
Nº de participantes	2500	2500	100%
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	100%	61,09%	61,09%
Calendarización adaptada	8 meses	8 meses	100%
Nº de empregos creados	5	0	0%
Indicador cualitativo: mellora empresas existentes	12	2	16,66%

CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO

Descrición de cada indicador	Obxectivo previsto	Obxectivo alcanzado	(%) Cumprimento de
------------------------------	--------------------	---------------------	--------------------

conforme aos indicadores establecidos e aprobados no Plan estratéxico			obxectivos
Nº de solicitudes	22 ANPAS	12 ANPAS	54,4%
Nº concesións	22 ANPAS	9 concedidas	44,90%
Nº de denegacións	22 ANPAS	3 denegadas	13,6%
Total crédito concedido	10.000 €	6.671,36 €	66,7%
Contía media das axudas	11 ANPAS	6 ANPAS	54,5%
Actuacións realizadas.	22 actuacións	10 actuacións	45,5%
Nº de participantes.	550 participantes	140 participantes	25,45%
Custo da actividade en relación ao retorno do gasto	10.000 €	3.382,64 €	33,82%
Porcentaxe de execución do presuposto destinado	10.000 €	6.617,36 €	66,17%
Calendarización adaptada	100%	90%	90%
Memoria xustificativa da actividade subvencionada. Comprobarase o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores establecidos no proxecto para o que se solicitou subvención.	100%	80%	80%
Para a obtención da subvención, haberase de xustificar con carácter previo á súa concesión a relación das correspondentes facturas de gastos relativos á subvención obtida no exercicio anterior.	100%	100%	100%

SEGUNDA.- Tomar razón das conclusións ou valoracións por área.

A. ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

A.1. CONCELLERÍA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN

Conclusións ou valoracións globais.

A convocatoria de axudas para o desenvolvemento de actividades no eido da promoción da igualdade de xénero (incluída a erradicación das violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivo-sexual, concorreu un total de 7 asociacións ou entidades do municipio.

As actuacións foron realizadas segundo o previsto nos proxectos iniciais e a xustificación presentadas pola entidades, acadando un 100% de obxectivos.

En relación coa porcentaxe de execución orzamentaria do 44,41%, non se acadou maior grao de execución ao non ter recibido máis solicitudes por entidades que cumpriran as bases da subvencións, dende a concellería darase unha maior difusión da convocatoria das subvencións para acadar unha maior porcentaxe de execución.

Indicar que tamén se axustou o orzamento de subvencións de 32.000 € do ano 2023 a 25.000 € do ano 2024, ao ter en conta que o grao de execución do ano 2023 era moi baixo.

A.2. ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

A.2.1 Adxudicación de subvencións nominativas a asociacións e entidades de iniciativa social.

No orzamento do ano 2024, na base 24, estaban recollidas dentro da Área de Servizos Sociais un total de 25 subvencións nominativas. O Decreto nº 12215/2024 do 19.12.24 aprobou a adxudicación de 24 de subvencións nominativas.

A ASOCIACIÓN LEDICIA CATIVA renunciou á subvención prevista por non poder desenvolver o “Programa de acollemento estival de menores rusos afectados pola radiación de Chernobyl”, por mor da guerra. Visto que levan varios anos consecutivos sen poder executar o programa, retirouse dos orzamentos a previsión desta subvención co obxecto de poder liberar esa contía económica.

Neste ano realizouse un pagamento anticipado das subvencións nunha porcentaxe do 50%, que foi aboada polo Decreto nº 12429/2024 do 27.12.24 por un importe de 138.750 €. Esta medida supuxo unha mellora na xestión deste tipo de subvencións xa que este anticipo permitiu que moitas entidades melloraran a súa xestión económica.

Déuselles cumprimento aos obxectivos xerais fixados no Plan estratéxico de subvencións para a liñas de subvencións dirixidas a asociacións ou entidades de carácter social.

Esta adxudicación promoveu o desenvolvemento do tecido asociativo e permitiu a execución de programas que complementaron a actuación da administración pública e beneficiaron o colectivo de persoas usuarias dos servizos sociais. A maioría das entidades presenta un grao de execución do 100% do programa subvencionado.

O financiamento deste tipo de programas supuxo o mantemento dunha oferta de actividades e programas dirixidos a persoas con discapacidade física e/ou psíquica e/ou sensorial, persoas afectadas por determinadas doenzas ou enfermidades, persoas con escasos recursos, minorías étnicas...

Obxectivos específicos:

Mellorou a calidade de vida das persoas que sofren algún tipo de **discapacidade física/psíquica ou sensorial** a través do financiamento dos seguintes programas:

- Emprego e Saúde a través do Empoderamento. ACADAR
- Mantemento da sede social e programas da Asociación de Dano Cerebral (ADACE LUGO).
- Programa pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais. ALUME
- Servizo de intérprete de lingua de signos. ASORLU
- Mantemento de locais sociais e programas. ASPACE.
- Campamento de verán (este ano o campamento de verán desenvolveuse nas instalacións da asociación subvencionada debido ás restriccións sanitarias do COVID 19). ASPNAIS
- Por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal. AUXILA
- Información, orientación, asesoramento e fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo. COGAMI LUGO.
- Servizo de información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento. FADEMGA
- Servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental. FEALES GALICIA

Mellorou a calidade de vida das persoas que sofren **enfermidades crónicas e/ou doenzas** a través do financiamento dos seguintes programas:

- o Atención integral ás persoas diagnosticadas de cancro de mama. AECC
- o Actividades de estimulación cognitiva para doentes de Alzheimer e outras demencias. AFALU
- o Escola de formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías congénitas en Lugo. AGADHEMO
- o Mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do Ril. ALCER LUGO
- o Escola de familias. RAIOLAS LUGO

Prestouse apoio aos seguintes colectivos en risco de exclusión social e situación de vulnerabilidade social:

- Colectivo de **persoas transeúntes e/ou sen teito** a través do financiamento do Proxecto de actuacións específicas transeúntes e persoas sen fogar de CRUZ VERMELLA.
- Colectivo de **minorías étnicas**, a través dos programas mantemento do local social e actividades da Asociación Promoción e Integración Xitana de

Lugo e Programa de emprego ACCEDER da Fundación Secretariado Gitano.

- Colectivo de persoas afectadas por algunha situación penitenciaria (**penados**) -Xornadas penitenciarias lucenses e o Servizo de información, orientación e atención social. ASOCIACIÓN PENITENCIARIA
- Persoas en situación de vulnerabilidade social: programa de cobertura de necesidades básicas a persoas en situación de vulnerabilidade social. CARITAS.

A modo de conclusión, indicar que esta liña de financiamento fomenta a permanencia de distintos programas que complementan os programas dos servizos sociais municipais. Moitas asociacións coas cotas dos socios/as e con outras subvencións doutras administracións públicas non poden sufragar o custo das súas actividades o que impediría a súa realización.

A.2.2 Subvencións dirixidas ao financiamento parcial do alugamento de vivendas destinadas a domicilio habitual de persoas residentes no Concello de Lugo.

Esta liña de subvencións ten como finalidade facilitarlle o acceso a unha vivenda digna á cidadanía que se encontre nunha situación socioeconómica que lle imposibilite ou dificulte o exercicio do dereito a unha vivenda digna recoñecido na Constitución española.

Esta anualidade dentro dos colectivos beneficiarios fíxose fíncape nos seguintes colectivos:

1º Vítimas de violencia de xénero.

2º Familias monoparentais con cargas familiares.

3º Unidades de convivencia con descendentes a cargo ata os 25 anos (inclusive) e/ou con grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.

4º. Unidade de convivencia formada exclusivamente por mozos ata 35 anos de idade inclusive como titulares da unidade familiar.

A modo de conclusión, hai que mencionar que esta convocatoria conta bastante demanda posto que a situación de crise económica actual imposibilita que moitas familias poidan facer fronte aos gastos do alugamento dunha vivenda, se ben é certo que existe unha convocatoria autonómica de axudas.

A.2.2 Liñas de subvencións non convocadas

CONCORRENCIA COMPETITIVA ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO

SUBV A DESPRAZAMENTO EN TAXI ADAPTADO

SUBV PARA O MANTEMENTO DE TAXI ADAPTADO (TAXISTAS)

SUBV A ONGD PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO
DESENVOLVEMENTO E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

B) ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Liña de subvención: concorrencia competitiva

Publicada a convocatoria no BOP o 19.11.2024, recibíuse un total de 8 solicitudes de subvención, que segundo se recolle na acta de valoración do 10.12.24 acadan un total de 46 puntos resultando o valor punto por importe de 323,91 euros.

Das 8 solicitudes, unha foi desestimada por non estar as actividades directamente relacionadas co obxecto da convocatoria.

Nos casos en que a suma dos puntos correspondentes feita a valoración equivalen a unha cantidade maior á solicitada pola entidade, concédese a cantidade solicitada quedando polo tanto un remanente.

Da dotación orzamentaria destinada á liña de subvencións de concorrencia competitiva por importe de 14.900,00 euros, foron executados un total de 12.601,01 euros.

As actividades foron maioritariamente celebradas, entendendo que se cumpriron os fins de promoción e fomento da vida local e cultural, no eido das artes, ciencias, letras e música, incrementando o número de actividades artístico-culturais na cidade de Lugo.

Cabe destacar a menor participación das entidades en relación con outras convocatorias, que pode ser debido ao atraso na publicación desta.

Liña de subvención: nominativas

Da dotación orzamentaria destinada á liña de subvencións de turismo por importe de 6.000,00 euros, executouse a súa totalidade.

Da dotación orzamentaria destinada á liña de subvencións de cultura por importe de 164.400,00 euros, executouse na data actual un total de 140.128,11 euros polos seguintes motivos:

Non se chegou a formalizar o convenio de colaboración entre o Círculo das Artes e o Concello paralizándose a tramitación do expediente.

A Asociación Vaia Vaia presentou unha comunicación indicando a non realización da actividade.

A Fundación Rosalía de Castro non xustificou a totalidade da subvención concedida.

A asociación Xunta de Confrarías presentou a xustificación fóra de prazo sendo tramitado o correspondente expediente sancionador.

O expediente da Asociación de Antigos Alumnos da Escola Superior de Artes Ramón Falcón está pendente de resolución da fase de xustificación.

Cabe indicar que o resto das entidades realizou a xustificación do 100% da actividade.

As actividades foron maioritariamente celebradas, entendendo que se cumpriron os fins de promoción e fomento da vida local, turística e cultural, no eido das artes, ciencias, letras e música, entre outros.

Segue a detectarse a falta de precisión no número de destinatarios nalgúns das actividades realizadas, aínda que en moitos casos, ao ser actividades abertas e/ou celebradas no exterior, puidera resultar complexo.

C) ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

- SUBVENCIÓN POR INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO “O.E. ARQUIVALUGO”:

O Concello de Lugo desenvolveu o Obradoiro de Emprego “ARQUIVALUGO”, cofinanciado pola Xunta de Galicia. Os incentivos á contratación temporal por conta allea tiñan por finalidade facilitar a empleabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro de Emprego “ARQUIVALUGO”, cofinanciados a través das axudas e subvencións a talleres duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pertencente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Publicouse á convocatoria e as bases de participación no BOP de Lugo, sen recibirse ningunha solicitude, polo que as ditas axudas quedaron sen executarse.

D) CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO

O obxecto das bases é a concesión dunha subvención ás asociacións de pais e nais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos no concello de Lugo é a realización de actuacións en materia de participación educativa, que en ningún caso implicará a realización de actividades extraescolares do alumnado para o ano 2024.

- Impacto social na cidade: todas estas actividades formativas, polo xeral, involucran á comunidade educativa e tanto as familias como os menores adquiren formación en materia de primeiros auxilios, igualdade e comunicación intrafamiliar, prevención de abusos, hábitos saudables de alimentación, a crianza dende a disciplina positiva, uso de redes sociais, técnicas de estudo, uso responsable de pantallas, artesanía con material reciclado e intelixencia emocional. Moitas están enmarcadas dentro das escolas de familias, que buscan procurar ferramentas educativas e busca un espazo de diálogo e asesoramento.

Ademais, estas actividades integran as diferentes familias, moitas acabadas de chegar ou con poucos contactos no día a día dos CEIP. Finalmente, inciden positivamente nunha mellora da convivencia tanto no centro como noutros ámbitos da cidade.

Que dos 10.000 € destinados a estas axudas na partida orzamentaria 32000.48900, correspondente nos orzamentos municipais do ano 2024 concedéronse 9 axudas dun total de 12 solicitudes, polo que se denegaron 3. Ademais, no caso da ANPA Illa Verde e do CEIP Albeiros a cantidade xustificada foi menor á cantidade que aparecía na solicitude porque finalmente non se xustificou e, por tanto, non se realizou unha das formacións solicitadas.

Por isto e tendo en conta que os obxectivos conforme aos indicadores establecidos no Plan estratéxico: subvencións no ámbito da educación fundamentais no recoñecemento e apoio aos distintos ámbitos, entendéndose que a iniciativa privada sen ánimo de lucro poderá colaborar na prestación dos servizos educativos, establecendo como un dos programas básicos de actuación dos servizos educativos o apoio as familias con menores e adolescentes, é dicir, a comunidade educativa, pódese afirmar que o cumprimento foi medio conforme aos indicadores aprobados no Plan estratéxico para esta liña de subvención, aínda que a intencionalidade e facer máis fincapé para que as ANPAS entendan a finalidade da subvención así como continuar coa revisión das bases desta subvención, ter en conta a realidade da situación na que se encontran as asociacións de pais e nais de Lugo capital.

Os criterios para a adxudicación da subvención foi o cumprimento do establecido nas bases, que a subvención fora destinada á formación dos pais/nais do alumnado, así como a acreditación documental de que os gastos foran destinados a este fin. Vendo que hai 3 solicitudes rexeitadas polo mesmo motivo, valorarase para vindeiros anos unha segunda liña cultural ademais da formativa quizais cunha porcentaxe menor de subvención.

E) ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA, SERVIZO DE URBANISMO

Visto o informe de seguimento non se ten realizado ningunha actuación en relación coa liña de subvencións.

TERCEIRA.– Tomar razón das consideracións finais

1ª As liñas de subvención convocadas son moi variadas conforme ao Plan estratéxico aprobado, motivado na concesión por diferentes áreas municipais e nas materias da súa competencia.

2ª Do total de liñas recollidas no Plan estratéxico de subvencións, indicar

❖ Non se convocaron as seguintes:

Área de Cohesión Social

Subvencións para asociacións e entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven programas no eido social.

Subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado.

Subvencións para o mantemento de taxi adaptado.

Subvencións a ONG para a realización de proxectos de cooperación e sensibilización social no Concello de Lugo.

❖ Non tramitadas:

Área de Cultura:

Non se chegou a formalizar o convenio de colaboración entre o Círculo das Artes e o Concello paralizándose a tramitación do expediente.

A Asociación Vaia Vaia presentou unha comunicación indicando a non realización da actividade

Área de Cohesión Social

A Asociación Leticia Cativa renunciou á subvención prevista por non poder desenvolver o “Programa de acollimento estival de menores rusos afectados pola radiación de Chernobyl”, por mor da guerra. Visto que levan varios anos consecutivos sen poder executar o programa, retirouse dos orzamentos a previsión desta subvención co obxecto de poder liberar esa contía económica.

❖ Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais

Subvención por incentivos á contratación dos alumnos traballadores do Obradoiro de Emprego “O.E. Arquivalugo”: Publicáronse a convocatoria e as bases de participación no BOP de Lugo, sen recibirse ningunha solicitude, polo que as ditas axudas quedaron sen executarse.

3ª O grao de execución do orzamento queda detallado na seguinte táboa

ÁREA	LIÑA	ACCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS (1)	IMPORTE PAGOS REALIZADOS (2)	GRAO DE EXECUCIÓN (2) / (1)
COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE	Subvencións en concorrencia competitiva	Subvencións para proxectos destinados a actividades de interese social en materia de promoción da igualdade de xénero (incluída a erradicación das violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivo sexual	25.000,00	11.103,26	44,41%
COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES	Subvencións nominativas	Subvencións nominativas para a promoción e inserción social de colectivos desfavorecidos e/ou en risco de exclusión social	280.500,00	58.380,75(*)	20,81%
	Subvencións en concorrencia competitiva	Subvencións dirixidas ao financiamento parcial do alugamento de vivendas destinadas a domicilio habitual de persoas residentes no Concello de Lugo	156.000,00	63.286,40(*)	40,57%
CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA	Subvención nominativas	Subvención nominativas de apoio a asociacións para desenvolvemento de proxectos culturais, de promoción cultural de Lugo e proxectos de promoción e apoio á hostalería local.	164.400,00	140.128,11	85,24%
		TURISMO; Promoción da Semana Santa Lucense	6.000,00	6.000,00	100,00 %
	Subvencións en concorrencia competitiva	Subvencións a asociacións culturais e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro.	14.900,00	12.601,01	84,57%
CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA: CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO	Subvencións en concorrencia competitiva	Subvencións ás asociacións de pais e nais de alumnos/as de centros educativos sostidos con fondos públicos.	10.000,00	6.671,36	66,71%
COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL: AXENCIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL EMPREGO	Subvencións en concorrencia competitiva	Subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica	22.500,00	1.800,00	8,00%
	Subvencións sen concorrencia competitiva	Incentivos á contratación dos alumnos traballadores do obradoiro dual de emprego Lugo sostible 5.0	24.000,00	0,00	0,00%

4ª Incluíronse no ano 2024, dúas liñas de subvención non previstas no Plan 2023-2025, actualización ano 2024:

ÁREA: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

LIÑA DE SUBVENCIÓN: SUBVENCIÓN POR INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "ARQUIVALUGO" IMPORTE TOTAL: 24.000 EUROS

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

LIÑAS DE SUBVENCIÓN: NOMINATIVAS

Asociación de Antigos Alumnos da Escola de Arte Ramón Falcón por importe de 15.000,00 euros.

Asociación Facela Producciones para a organización do festival Facela Fest 2024, por importe de 15.000,00 euros.

5ª Salvo excepcións, as diferentes unidades xestoras están a profundar nos indicadores de seguimento e na avaliación das subvencións, todo isto coa finalidade de obter unha imaxe fiel da actividade subvencionada e mellorar a xestión das distintas subvencións.

Así dende a Concellería de Muller, Igualdade e Inclusión propónse, vista a porcentaxe de execución orzamentaria do 44,41, dar unha maior difusión da convocatoria das subvencións para acadar unha maior porcentaxe de execución. Indicar que tamén se axustou o orzamento de subvencións de 32.000 € do ano 2023 a 25.000 € do ano 2024, ao ter en conta que o grao de execución do ano 2023 era moi baixo. Indicar que tamén se axustou o orzamento de subvencións de 32.000 € do ano 2023 a 25.000 € do ano 2024, ao ter en conta que o grao de execución do ano 2023 era moi baixo.

Dende o Servizo de Cultura, continúaase a poñer de manifesto a falta de precisión no número de destinatarios nalgunha das actividades realizadas, aínda que en moitos casos, ao ser actividades abertas e/ou celebradas no exterior, puidera resultar complexo. Así mesmo, ponse de manifesto a menor participación das entidades en relación con outras convocatorias, que pode ser debido á demora na publicación desta.

Así mesmo, dende o Servizo de Educación ponse de manifesto a intencionalidade e facer máis fincapé para que as ANPAS entendan a finalidade da subvención así como continuar coa revisión das bases desta subvención e valorarase para vindeiros anos unha segunda liña cultural ademais da formativa quizais cunha porcentaxe menor de subvención.

CUARTA.- Dar conta que está pendente de recibirse os informes de seguimento das seguintes áreas:

- ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA
- ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA
- CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE

QUINTA.- Proceder á publicación do dito acordo na Base Nacional de Subvencións así como na páxina web e portal de transparencia do Excmo. Concello de Lugo.